

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**13613** *Real decreto lei 17/2014, do 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico.*

A Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, prevé, na súa disposición adicional primeira, que as comunidades autónomas e corporacións locais poidan solicitar ao Estado o acceso a medidas extraordinarias de apoio á liquidez.

No marco desta disposición, son varios os mecanismos que desde o ano 2012 puxo en marcha o Estado, como son o Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores, o Fondo de Liquidez Autonómico ou as medidas extraordinarias de apoio a municipios con problemas financeiros. Todos eles co obxectivo común de achegar liquidez tanto ás comunidades autónomas como ás entidades locais para que poidan facer fronte ás súas obrigacións de pagamento nun momento de dificultade económica, a cambio do cumprimento dun conxunto de condicións fiscais e financeiras que axudaron a que poidan ir cumprindo cos obxectivos de consolidación fiscal e garantir a sustentabilidade das contas públicas.

Estas medidas conxunturais foron acompañadas de reformas estruturais no funcionamento das administracións, como a Lei orgánica 9/2013, do 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, ou a Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público, que estableceron ferramentas permanentes de seguimento, redución e control da débeda comercial e da execución do orzamento público. Todo iso como novas bases que tamén contribúen a mellorar a capacidade das administracións de atender os seus compromisos de gasto presentes e futuros. En definitiva, mellorouse a súa sustentabilidade financeira.

O esforzo por cumprir cos obxectivos de consolidación fiscal e a aplicación do conxunto de reformas descritas, xunto con outras reformas estruturais, permitiu volver á senda de crecemento económico e xerar confianza na economía española, o que se está traducindo nuns menores custos de financiamento nos mercados. Este resultado positivo debe ser compartido polo conxunto das administracións públicas que están facendo esforzos de redución do déficit público e reformas estruturais, polo que se deben trasladar estes aforros financeiros para seguir contribuindo á consolidación fiscal.

O obxectivo deste real decreto lei, por tanto, é dobre. Por unha parte, pon en marcha novos mecanismos que permitan compartir os aforros financeiros entre todas as administracións, priorizar a atención do gasto social, seguir axudando ás administracións con maiores dificultades de financiamento e impulsar as que conseguiron superalas e, por outra parte, simplifícase e redúcese o número de fondos creados para financiar mecanismos de apoio á liquidez, mellorando a eficiencia da súa xestión.

Entre os novos mecanismos que se crean, a atención ao gasto social ocupa un lugar prioritario. Contar con financiamento suficiente para o gasto social supón unha garantía decisiva para a adecuada prestación de servizos públicos esenciais, como son a educación, a sanidade e os servizos sociais, piares básicos dun Estado social e democrático de dereito.

O gasto social constitúe o instrumento de xestión máis importante para coadjuvar no logro da igualdade de oportunidades e é, por iso, unha prioridade nas políticas de gasto de todas as administracións públicas. Neste sentido, a reforma na regulación do réxime local operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, reordenou o mapa de repartición de competencias entre as

comunidades autónomas e as entidades que conforman a Administración local, sobre a base do principio «unha Administración unha competencia», prestando especial atención a unha mellor delimitación de competencias en materia social e a garantir o seu adecuado financiamento por tratarse de servizos públicos esenciais.

Precisamente, neste marco de mellora das garantías xurídicas e de financiamento destes servizos, o artigo 57 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, incluído pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, establece a obrigaón de que os convenios que subscriban as comunidades autónomas coas entidades locais, así como a delegación de competencias que realicen, que impliquen obrigaóns financeiras ou compromisos de pagamento a cargo das comunidades autónomas, inclúan unha cláusula de garantía do cumprimento destes compromisos, consistente na posible retención de recursos do sistema de financiamento se houber incumprimentos.

Co obxectivo de afondar nas garantías do gasto social, non só se adoptan medidas conxunturais que axuden ás comunidades autónomas a cancelar a súa débeda pendente en 31 de decembro de 2014 derivada de convenios subscritos con entidades locais en materia de gasto social e doutras transferencias na dita materia, como a creación dun novo mecanismo de apoio á liquidez, o Fondo Social, senón que tamén se establece un conxunto de reformas estruturais que permitan no futuro que os servizos educativos, sanitarios e relativos aos servizos sociais que prestan as entidades locais, como Administración máis próxima ao cidadán, conten co adecuado financiamento.

Por outro lado, créase un rexistro electrónico de convenios que permitirá facer un seguimento sobre que convenios teñen subscritos e en vigor as comunidades autónomas e as entidades locais para poder verificar o cumprimento de Lei 7/1985, do 2 de abril, especialmente do artigo 57 bis. Deste modo, se se produce o incumprimento das obrigaóns de pagamento derivadas deses convenios, chegado o caso, poderanse reter recursos do sistema de financiamento cofecendo a fonte xurídica da cal emanan as obrigaóns non pagadas. Coa aplicación deste procedemento de retención, regulado neste real decreto lei, quedará garantido o adecuado financiamento dos servizos públicos esenciais, reforzando o compromiso coa súa adecuada prestación.

O presente real decreto lei consta de cincuenta e seis artigos, dezaioito disposicións adicionais, unha disposición derogatoria e nove disposicións derradeiras, e estrutúrase en catro títulos.

O título I de Disposicións xerais e réxime xurídico común dos fondos determina, no seu capítulo I, o ámbito subxectivo e obxectivo do Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas e do Fondo de Financiamento a Entidades Locais, así como os principios reitores que os informarán para o seu correcto funcionamento. Entre os principios figura o principio de prudencia financeira, para cuxa xestión a Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira disporá dos recursos necesarios. A eficaz xestión destes mecanismos require unhas mínimas exixencias de transparencia na información e prudencia financeira. O Estado reservará para si a retención de recursos dos sistemas de financiamento das administracións territoriais en caso de incumprimento.

No seu capítulo II créanse o Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas e o Fondo de Financiamento a Entidades Locais. Estes fondos están estruturados en compartimentos diferenciados para adaptarse ás necesidades financeiras destas administracións, que teñen a consideración de mecanismo adicional de financiamento en virtude do establecido na disposición adicional primeira da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril. Tamén se establece o réxime de integración dos mecanismos xa existentes nos novos fondos e créanse compartimentos específicos con condicións e obrigaóns graduadas en virtude das necesidades financeiras que se pretendan cubrir e do grao de cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, débeda pública e períodos de pagamento a provedores. Regúlanse, así mesmo, a súa adscrición, a súa xestión financeira a través do Instituto de Crédito Oficial, a forma de concertación das operacións de crédito, os recursos con que se dotarán e a súa forma de captación.

O título II, do Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas, regula de forma integral e ampliada os mecanismos adicionais de financiamento postos en marcha para

as comunidades autónomas e establece as características e condicións dos compartimentos Facilidade Financeira, Fondo de Liquidez Autonómico e Fondo Social en que se estrutura. Adicionalmente, inclúese o compartimento Fondo en Liquidación para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores, a que se adscriben as operacións de crédito vixentes formalizadas con comunidades autónomas con cargo ao extinto Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores 2.

O capítulo I establece o réxime e as condicións aplicables ao compartimento Facilidade Financeira, destinado a estender os beneficios asociados aos mecanismos a aquelas comunidades autónomas que, cumprindo os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública, conseguiron controlar a demora no pagamento da débeda comercial. Con isto, como vantaxe para aqueles que cumpriron cos obxectivos, permítese que os esforzos orzamentarios e as reformas estruturais realizadas se acompañen da redución dos custos de financiamento que os mecanismos supoñen. A adhesión a este compartimento, que non exclúe as comunidades autónomas que estean adheridas a calquera outro mecanismo de liquidez no momento da entrada en vigor deste real decreto lei, non require a aprobación dun plan de axuste e implica a aceptación dunhas obrigacións de información de xeral aplicación.

O capítulo II refírese ao compartimento Fondo de Liquidez Autonómico, sucesor directo do fondo homónimo actualmente existente e regulado no Real decreto lei 21/2012, do 13 de xullo. A este compartimento adscribiranse as comunidades autónomas actualmente adheridas ao Fondo de Liquidez Autonómico operativo ata agora e as comunidades autónomas que incumpran o período medio de pagamento a provedores en aplicación do establecido na disposición adicional primeira da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril. Na sección 1.<sup>a</sup> régulanse o seu ámbito, o procedemento de adhesión e a regulación da concertación da operacións de crédito e, na sección 2.<sup>a</sup>, as condicións fiscais e financeiras que deben cumprir as comunidades autónomas, as normas relativas ao seguimento dos plans de axuste asociados a este compartimento e as actuacións de control por parte dos diferentes órganos responsables.

O seu capítulo III está referido ao Fondo Social e aos procedementos de retención en materia de gasto social.

Na súa sección 1.<sup>a</sup> configúrase o Fondo Social como un mecanismo de apoio á liquidez das comunidades autónomas, de carácter temporal e voluntario, de conformidade co previsto na disposición adicional primeira da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, cuxa dotación financiará ás comunidades autónomas o pagamento das obrigacións pendentes coas entidades locais que sexan vencidas, líquidas e exhibibles en 31 de decembro de 2014 e que deriven de convenios subscritos en materia de gasto social e doutras transferencias na dita materia.

A sección 2.<sup>a</sup>, referida ás obrigacións pendentes de pagamento en 31 de decembro de 2014 derivadas de tales convenios e transferencias, regula a forma en que se van cancelar esas obrigacións no caso das comunidades autónomas que non se adhiran ao Fondo Social. Nesta sección desenvólvese o procedemento de retención ou dedución de recursos previsto para tal fin na disposición adicional 8.<sup>a</sup> da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, para aboar con cargo aos recursos retidos as citadas obrigacións.

Na sección 3.<sup>a</sup> régulanse o procedemento e as condicións para a retención dos recursos dos réximes de financiamento das comunidades autónomas para o pagamento directo polo Estado, con cargo aos recursos retidos, en caso de producirse o incumprimento por parte das comunidades autónomas das obrigacións de pagamento derivadas de normas autonómicas que deleguen competencias en materia de gasto social e de convenios subscritos na dita materia, de conformidade coa cláusula de garantía prevista no artigo 57 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril. O recollido nesta sección, tal e como se sinala na disposición adicional quinta deste real decreto lei, será de aplicación aos procedementos que teñan por obxecto facer efectiva esa cláusula de garantía no resto de materias, mentres non se aprobe a orde do ministro de Facenda e Administracións Públicas a que se refire o punto 3 do artigo 57 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril.

O título III regula o Fondo de Financiamento a Entidades Locais, que se subdivide en tres compartimentos: Fondo de Ordenación, Fondo de Impulso Económico e Fondo en liquidación para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores de Entidades Locais. A regulación dos dous primeiros figura nos dous capítulos de que consta o dito título.

O capítulo I, relativo ao Fondo de Ordenación, presenta tres seccións: a primeira contén as disposicións xerais que rexen o dito compartimento; a segunda regula a condicionalidade financeira e fiscal a que deben dar cumprimento as entidades locais que se adhiran a aquel, e a terceira recolle as actuacións de seguimento e control dos compromisos que adquiren as entidades locais. Integran o ámbito subxectivo os municipios que se encontran nunha situación de risco financeiro nos termos que se definen na presente norma ou que non poden refinanciar as operacións de crédito nas condicións de prudencia financeira que se fixen. Tamén integran aquel ámbito as entidades locais que incumpran de forma persistente o prazo máximo de pagamento establecido na normativa de morosidade. A sección segunda regula a condicionalidade financeira e fiscal. Esta última é de distinta intensidade segundo os supostos que configuran o ámbito subxectivo do compartimento Fondo de Ordenación; requírese unha maior condicionalidade aos municipios en situación de risco financeiro e menor condicionalidade aos que non poidan refinanciar os seus préstamos con criterios de prudencia financeira. Establécense na sección terceira normas relativas ao seguimento dos plans de axuste e ás actuacións de control que se poderían solicitar da Intervención Xeral da Administración do Estado.

O capítulo II regula o compartimento Fondo de Impulso Económico, cunha estrutura similar á mencionada para o anterior compartimento. Así, defínense os ámbitos subxectivo e obxectivo e pódense adherir as entidades locais que se encontren nunha posición financeira saneada, con cumprimento dos obxectivos e límites que establece a normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira ou a reguladora das facendas locais.

A adhesión producirase logo de solicitude das entidades locais, que deberán concretar as súas necesidades financeiras para dar cobertura aos vencementos do principal dos préstamos a longo prazo que formalizasen ou formalicen, de acordo con criterios de prudencia financeira que se fixen, para financiar investimentos financeiramente sustentables, ou para o financiamento de proxectos de investimento que se consideren relevantes conforme o acordo que, de ser o caso, adopte a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos. Nestes supostos, a entidade local adherida tamén subscribirá a correspondente operación de crédito co Estado, o cal xestionará o pagamento dos vencementos dos préstamos a longo prazo.

O título IV, sobre a creación e funcionamento do Rexistro electrónico de convenios, prevé a creación de tal rexistro no cal se deberá recoller información dos convenios subscritos entre comunidades autónomas e entidades locais que impliquen obrigacións financeiras ou compromisos de pagamento a cargo das comunidades autónomas, de acordo co artigo 57 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril. O interventor local será o responsable para achegar esa información. Ademais, prevese tamén cal é o contido mínimo que se deberá incluír nese rexistro.

Respecto das razóns de extraordinaria e urxente necesidade que amparan as medidas incluídas nos catro títulos do presente real decreto lei, estas radican na necesidade de, ante o inminente inicio do novo exercicio orzamentario, poñer en marcha de forma urxente mecanismos que permitan aliviar as necesidades de financiamento ás comunidades autónomas e entes locais, trasladar os aforros financeiros obtidos e evitar que se poña en risco a súa sustentabilidade financeira. Desta forma garántese que os novos fondos poidan estar operativos desde o inicio do ano, dotando de seguridade as administracións destinatarias dos recursos que poderán planificar a súa xestión con maior seguridade. Ao mesmo tempo, evítase a solución de continuidade entre os mecanismos existentes e os novos.

Nas disposicións adicionais primeira a oitava recóllense distintos aspectos, entre outros, as especialidades da aplicación deste real decreto lei á Comunidade Autónoma do

País Vasco e á Comunidade Foral de Navarra, o prazo para a inscrición no rexistro electrónico dos convenios que se encontren vixentes no momento da entrada en vigor deste real decreto lei, a data da primeira aplicación do procedemento de retención regulado na sección terceira do capítulo III do título II, así como a súa aplicación transitoria noutras materias distintas do gasto social, a achega de recursos para a dotación do Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas e do Fondo de Financiamento a Entidades Locais e os prazos de solicitude de acceso aos mecanismos para 2015.

Mediante a disposición adicional novena, considerando a conxuntura económica favorable e o previsible peche orzamentario de 2014 con signo positivo, prorréganse para o ano 2015 as regras especiais para o destino do superávit orzamentario, previstas na disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, co fin de permitir ás entidades locais saneadas financeiramente destinar parte do superávit a financiar investimentos financeiramente sustentables, ademais de destinalo a amortizar débeda financeira.

A medida proposta na disposición adicional décima persegue o diferimento das cantidades a devolver polas entidades locais, como consecuencia da liquidación definitiva da participación nos tributos do Estado correspondente ao exercicio 2013, calquera que sexa o modelo de financiamento (modelo xeral de variables ou modelo de cesión do rendemento de determinados impostos estatais máis un Fondo complementario de financiamento).

Considérase imprescindible flexibilizar a devolución do saldo debedor da liquidación do ano 2013 das entidades locais, habilitando o mesmo procedemento que para as liquidacións negativas de 2008 e 2009 cun prazo de devolución de 120 mensualidades, contado a partir de xaneiro de 2015 e sempre que o soliciten as propias entidades locais afectadas e cumpran con requisitos análogos aos establecidos para o reintegro das liquidacións negativas de 2008 e 2009.

Na disposición adicional décimo primeira e na derradeira terceira establécese a asunción polo Estado do custo das devolucións do imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos derivadas da sentenza do TSUE do 27 de febreiro de 2014.

Mediante as disposicións adicionais décimo segunda a décimo sexta amplíase o prazo máximo para a liberación do dividendo dixital.

As institucións internacionais, europeas e nacionais determinaron que a banda de frecuencias 790 MHz a 862 MHz ou banda do dividendo dixital, ata agora utilizada para a prestación de servizos audiovisuais televisivos, se destine principalmente para a prestación de servizos avanzados de comunicacións electrónicas.

No ámbito nacional, a Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, no seu artigo 51 estableceu que a banda de frecuencias 790 MHz a 862 MHz se destinase principalmente para a prestación de servizos avanzados de comunicacións electrónicas, en liña cos usos harmonizados que se acorden na Unión Europea, e sinalou que a dita banda debía quedar libre para poder ser asignada aos seus novos usos antes do 1 de xaneiro de 2015.

O proceso de liberación do dividendo dixital concretouse, en primeiro lugar, no Real decreto 365/2010, do 26 de marzo, polo que se regula a asignación dos múltiples da televisión dixital terrestre tras o cesamento das emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica, e posteriormente no Real decreto 805/2014, do 19 de setembro, polo que se aproba o Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre e se regulan determinados aspectos para a liberación do dividendo dixital.

Neste último real decreto inclúense, en particular, os cambios de canles radioeléctricas necesarios para poder abordar de maneira eficiente o proceso de liberación das canles afectadas polo dividendo dixital.

Destá forma, no citado real decreto planificáronse novas canles radioeléctricas e múltiples dixitais en que os prestadores do servizo de comunicación audiovisual televisiva van efectuar as súas emisións, o que implica, por un lado, que eses prestadores teñan que realizar o despregamento de cobertura de poboación necesaria para cumprir os obxectivos e prazos de cobertura que veñen exixidos nel e, por outro lado, que os

cidadáns afectados pola substitución de canles radioelétricas e múltiples dixitais nunha determinada área xeográfica teñan que realizar actuacións de acceso ou adaptación nos seus sistemas de recepción para poder recibir os servizos de televisión dixital terrestre nesas novas canles radioelétricas ou múltiples dixitais.

Próxima a cumprirse a citada data do 1 de xaneiro de 2015, e en virtude dos datos dispoñibles, conséntase que as actuacións de cobertura despregadas polos prestadores do servizo de comunicación audiovisual televisiva van permitir cumprir, en termos xerais, os obxectivos e prazos de cobertura de poboación exixidos polo Real decreto 805/2014, do 19 de setembro.

Non obstante, o grao de adaptación dos sistemas de recepción de televisión dos edificios afectados polos cambios de frecuencias asociados á liberación do dividendo dixital indica que unha proporción significativa dos edificios, próxima ao 50 %, non terán completado esa adaptación antes do 1 de xaneiro de 2015. Todo isto malia o apoio institucional e o esforzo económico e de comunicación que realizou o Goberno, como pon de manifesto a aprobación do Real decreto 920/2014, do 31 de outubro, polo que se regula a concesión directa de ata 280 millóns de euros en subvencións destinadas a compensar, baixo un criterio de neutralidade tecnolóxica, os custos derivados da recepción ou acceso aos servizos de comunicación audiovisual televisiva nas edificacións afectadas pola liberación do dividendo dixital.

Desta forma, se o día 1 de xaneiro de 2015 cesan todas as emisións nas canles radioelétricas da banda de frecuencias 790 MHz a 862 MHz utilizadas polo servizo de comunicación audiovisual televisiva, unha parte significativa da poboación non estaría en condicións de seguir recibindo nos seus domicilios varias das canles que conforman a oferta do servizo de comunicación audiovisual televisiva, en función das distintas áreas xeográficas en que se planificaron os múltiples dixitais.

Os servizos de comunicación audiovisual televisiva constitúen o principal instrumento ou medio de comunicación social a través do cal os cidadáns acceden a gran cantidade de informacións e contidos e se posibilita a transmisión das opinións individuais e da opinión pública, facendo real e práctica a liberdade fundamental de comunicar ou recibir información veraz por calquera medio de difusión consagrado no artigo 20.1.d) da Constitución, tal como ten sinalado abundante e reiterada xurisprudencia do Tribunal Constitucional.

A Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual, consagra o dereito de todas as persoas a recibiren unha comunicación audiovisual plural. En particular, esa norma legal salienta o papel do servizo público de comunicación audiovisual para a consecución deses obxectivos e configúrao como un servizo esencial de interese económico xeral.

Por todo isto, faise necesario adoptar con urxencia a medida de ampliar a data límite en que realizar a completa liberación do dividendo dixital, co obxectivo de que se poida producir un maior avance no proceso de adaptación dos sistemas de recepción nos edificios, e garantir que unha proporción maioritaria da poboación poida dispor de acceso á oferta completa de servizos de comunicación audiovisual televisiva.

Esta ampliación de prazo máximo para a liberación do dividendo dixital, que consiste en que os prestadores do servizo de comunicación audiovisual televisiva poidan seguir explotando as canles radioelétricas da banda de frecuencias 790 MHz a 862 MHz, realízase ata o día 31 de marzo de 2015.

Esta ampliación do prazo máximo para o cesamento de todas as emisións non modifica os obxectivos e prazos de cobertura dos prestadores nin altera a posibilidade de anticipar a data para o dito cesamento de emisións, ou o cesamento parcial de emisións en determinadas áreas xeográficas, xa previstos no artigo 8.6 do Real decreto 805/2014, do 19 de setembro. En particular, poderá anticiparse o cesamento desas emisións en determinadas áreas fronteirizas con outros países comunitarios, por motivos de coordinación internacional, de maneira que se dea cumprimento ao mandato comunitario de que o proceso de liberación do dividendo dixital en España non impida a dispoñibilidade

da dita banda para os servizos de comunicacións electrónicas que non sexan da difusión nos Estados membros veciños.

A ampliación do prazo máximo para o cesamento das emisións vai implicar que esa banda de frecuencias non vai poder ser utilizada transitoriamente para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas móbiles de última xeración ou 4G.

Non obstante, cabe lembrar que eses servizos de comunicacións electrónicas móbiles de última xeración ou 4G os veñen prestando distintos operadores desde mediados do ano 2013 a través de distintas bandas de frecuencia e que, así mesmo, se poderían utilizar outras bandas de frecuencia adicionais para prestar eses servizos, sen que a demanda destes servizos sexa aínda tan alta como para que non poida ser absorbida por este conxunto de bandas de frecuencia distintas da banda de 790 MHz a 862 MHz.

En todo caso, a ampliación do prazo máximo para a liberación do dividendo dixital que se leva a cabo mediante o presente real decreto lei implica unha alteración do equilibrio económico-financieiro das concesións de uso privativo do dominio público radioeléctrico outorgadas na banda do dividendo dixital ou banda de 800 MHz mediante a Orde ITC/2508/2011, do 15 de setembro.

O equilibrio económico-financieiro destas concesións mantense a través da extensión do seu período de vixencia durante un número de días proporcional aos días transcorridos desde o 1 de xaneiro de 2015 ata a data en que a banda de frecuencias do dividendo dixital se poña á disposición dos operadores titulares das concesións antes sinaladas.

A determinación da extensión do período de vixencia das concesións calcúlase atendendo á cantidade total aboada polo outorgamento das concesións de uso privativo do dominio público radioeléctrico na banda de 790 MHz a 862 MHz que foron adjudicadas mediante a Orde ITC/2508/2011, do 15 de setembro. Neste cálculo terase en conta que esa cantidade se revaloriza nun 2 por cento anual e aplicarase unha taxa de desconto do 3,53 por cento, que se corresponde coa media do custo da débeda antes de impostos dos tres operadores afectados. Como resultado deste criterio, cada día transcorrido desde o 1 de xaneiro de 2015 ata a data en que a banda do dividendo dixital estea á disposición dos operadores de comunicacións electrónicas compénsase mediante a extensión de 1,27 días do período de vixencia das concesións, axustando o número total de días por exceso por cantidades enteiras.

En conclusión, nas medidas relativas á ampliación do prazo máximo para a liberación do dividendo dixital que se adoptan no presente real decreto lei concorren as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución española como premisa para recorrer a esta figura do real decreto lei. Como se expuxo, unha parte significativa da poboación que aínda non completou a adecuación do equipamento de recepción do servizo de televisión pode verse privada de seguir recibindo algunhas das canles de televisión dixital terrestre ata que realice tal adecuación, polo que é urxente e necesario habilitar un prazo adicional, mediante a ampliación do prazo máximo de liberación do dividendo dixital, para que se poidan realizar esas actuacións de antenización sen que se produza unha perda transitoria dalgunhas canles de televisión.

A disposición adicional décimo sétima prorroga durante tres meses a redución das cotizacións empresariais por continxencias comúns á Seguridade Social por contratación indefinida.

A principios de 2014, o Goberno adoptou o Real decreto lei 3/2014, do 28 de febreiro, de medidas urxentes para o fomento do emprego e a contratación indefinida, establecendo a posibilidade de que as empresas que cumprisen determinados requisitos se puidesen beneficiar de reducións das cotizacións empresariais por continxencias comúns á Seguridade Social, co obxectivo de acelerar a creación de emprego e contribuír á loita contra a dualidade.

A duración da medida estaba inicialmente prevista ata o 31 de decembro de 2014 pero a evolución positiva da contratación indefinida xustifica que, mediante esta disposición adicional, se acorde agora a prórroga da tarifa plana, nos mesmos termos que os previstos no Real decreto lei 3/2014, do 28 de febreiro, para as empresas que

formalicen contratos de carácter indefinido entre o 1 de xaneiro de 2015 e o 31 de marzo de 2015.

En canto ás circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade exixidas polo artigo 86 da Constitución española, xustifícanse para esta disposición adicional tanto na inminente expiración, o 31 de decembro de 2014, do prazo para beneficiarse das medidas de fomento da contratación indefinida contidas no Real decreto lei 3/2014, do 28 de febreiro, como na necesidade de que a creación de emprego indefinido e a consolidación do crecemento económico continúen sendo unha prioridade.

A disposición derradeira primeira introduce un novo precepto no texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e modifica outro. Aquel introduce, por vez primeira na dita regulación, o principio de prudencia financeira a que quedarán suxeitas todas as operacións financeiras que, no futuro, formalicen as entidades locais. Así mesmo, modifícase o precepto que regula a documentación que se debe xuntar aos orzamentos das entidades locais de modo que deberá incorporar información relativa aos beneficios fiscais en tributos locais e aos convenios subscritos coas comunidades autónomas en materia de gasto social.

A disposición derradeira segunda refírese aos traballos de colaboración social no ámbito das administracións públicas. A Sala do Social do Tribunal Supremo ratificou en 2014 o cambio de xurisprudencia iniciado pola sentenza do 27 de decembro de 2013 sobre o tipo de actividades de colaboración que poden desenvolver os perceptores de prestacións de desemprego para as administracións públicas, ao abeiro do artigo 213 do texto refundido da Lei de seguridade social.

A provisión polas administracións públicas dos recursos humanos necesarios para a realización das tarefas que actualmente se desenvolven a través desas formas de colaboración exige por mandato legal a dotación e provisión previas dos respectivos postos de traballo. Co fin de evitar que mentres se dá cumprimento a tales procedementos os servizos públicos correspondentes carezan dos recursos humanos correspondentes, habilítase para que aqueles que xa desenvolvían esa colaboración poidan continuar facéndoo ata a finalización da percepción das súas prestacións. Nesta modificación normativa concorre extraordinaria e urxente necesidade ao outorgarse unha solución inmediata que outorga certeza e seguridade xurídica á Administración e maiores garantías para os desempregados que veñen realizando traballos de colaboración social.

Mediante a disposición derradeira cuarta e co obxectivo de incentivar a realización e promoción de voos turísticos diúrnos naqueles aeroportos con horario exclusivamente nocturno, propónse que en tales aeroportos se apliquen a todos os voos, con independencia da hora en que operen, as tarifas correspondentes ao horario operativo, deixando sen aplicación as tarifas de fóra de horario.

Esta medida fomenta un mellor aproveitamento das infraestruturas aeroportuarias do país, a través da realización de operacións chárter ocasionais, vinculadas a eventos e vacacionais en temporada, así como para compañías aéreas de segmentos como o «low cost» con esquemas ou modelos de explotación diferentes. Como consecuencia da medida, estímase que se inducirá un incremento da demanda.

É necesario anticipar a entrada en vigor desta medida porque a planificación das compañías aéreas se realiza con seis meses de anticipación. Por tanto, dado que o obxectivo da medida é o fomento dos voos turísticos diúrnos naqueles aeroportos con horario exclusivamente nocturno, para que poida entrar en vigor na temporada de verán de 2015 requírese a aprobación inmediata da medida.

Ao requirirse unha norma de rango legal, a única solución factible nestes momentos é a incorporación da medida mediante un real decreto lei.

Mediante a disposición derradeira quinta modifícase o texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño. Para maior claridade e precisión do establecido mediante a modificación efectuada no Real decreto 625/1985, do 2 de abril, polo que se desenvolve a Lei 31/1984, do 2 de agosto, de protección por desemprego, pola disposición derradeira cuarta do Real decreto lei 16/2014, do 19 de decembro, polo que se regula o Programa de activación para o



emprego, resulta necesario, pola súa vez, modificar o artigo 227 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social co obxecto de atribuír de forma máis precisa á Tesouraría Xeral da Seguridade Social a competencia para proceder á recadación en vía executiva do reintegro das prestacións indebidamente percibidas ou de responsabilidade empresarial, de conformidade coas normas reguladoras da xestión recadatoria da Seguridade Social.

Na disposición derradeira novena introdúcese unha excepción á cláusula xeral de entrada en vigor do real decreto lei ao diferir a entrada en vigor da disposición adicional quinta ao 1 de xaneiro de 2015. A razón desta excepción é compatibilizar o disposto na dita disposición adicional co establecido na Lei de orzamentos xerais do Estado para 2015, que recolle achegas diferentes que primarían sobre as previstas neste real decreto lei, de non diferirse a entrada en vigor deste.

No conxunto e en cada unha das medidas que se adoptan concorren, pola súa natureza e finalidade, as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución española como presupostos habilitantes para a aprobación dun real decreto lei.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta dos ministros de Facenda e Administracións Públicas, de Fomento, de Emprego e Seguridade Social e de Industria, Enerxía e Turismo, logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 26 de decembro de 2014, dispoño:

## TÍTULO I

### **Disposicións xerais e réxime xurídico común do Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas e do Fondo de Financiamento a Entidades Locais**

## CAPÍTULO I

### **Disposicións xerais e principios**

#### *Artigo 1. Obxecto.*

Este real decreto lei ten por obxecto a posta en marcha de medidas que garantan a sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais mediante a creación dun mecanismo de apoio á liquidez consistente en dous fondos, que estarán estruturados en compartimentos, que permitan atender as necesidades financeiras previstas neste real decreto lei.

Cada un dos compartimentos destes fondos ten a consideración de mecanismo adicional de financiamento dos referidos na disposición adicional primeira da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, que lles será de aplicación.

Así mesmo, este real decreto lei ten por obxecto a creación dun rexistro de convenios subscritos polas comunidades autónomas coas entidades locais e a determinación das condicións e dos procedementos para a retención de recursos dos réximes de financiamento para satisfacer as obrigacións pendentes de pagamento coas entidades locais en materia de gasto social.

#### *Artigo 2. Ámbito subxectivo.*

Para os efectos do previsto neste real decreto lei, enténdese por comunidade autónoma e entidade local tanto a Administración da comunidade autónoma e da entidade local como o resto de entidades, organismos e entes dependentes daquelas, incluídos no sector administracións públicas, subsector comunidades autónomas e subsector corporacións locais, de acordo coa definición e delimitación do Sistema europeo de contas nacionais e rexionais da Unión Europea.

Artigo 3. *Principio de transparencia.*

1. As administracións públicas adheridas aos compartimentos dos fondos previstos neste real decreto lei deberán estar ao día das súas obrigacións de transparencia e de subministración de información establecidas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, e na súa normativa de desenvolvemento, así como cumprir as novas obrigacións de información previstas neste real decreto lei.

2. O incumprimento das obrigacións de transparencia e subministración de información que se inclúen neste real decreto lei terá as consecuencias previstas no artigo 19 da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Artigo 4. *Principio de garantía dos recursos.*

1. Os recursos do sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común, adheridas ou que se adhiran aos compartimentos dos fondos previstos neste real decreto lei, responderán das obrigacións contraídas co Estado, mediante retención, de conformidade co previsto na disposición adicional oitava da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas. Todo isto sen que poida quedar afectado o cumprimento das obrigacións derivadas das operacións de endebedamento con institucións financeiras multilaterais.

2. Os recursos derivados da participación nos tributos do Estado das entidades locais, adheridas ou que se adhiran aos compartimentos dos fondos previstos neste real decreto lei, responderán das obrigacións contraídas co Estado, mediante retención, de conformidade co previsto na disposición adicional cuarta do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o que, de ser o caso, en desenvolvemento daquela, dispoñan as leis de orzamentos xerais do Estado. Todo isto sen que poida quedar afectado o cumprimento das obrigacións derivadas das operacións de endebedamento recollidas, de ser o caso, nun plan de axuste.

Artigo 5. *Condicións de prudencia financeira.*

As comunidades autónomas e as entidades locais adheridas a algún dos compartimentos do seu correspondente fondo deberán someterse ás condicións de prudencia financeira fixadas pola Resolución da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira nos termos que se estableza para cada un dos compartimentos dos fondos.

## CAPÍTULO II

### **Creación e réxime xurídico do Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas e do Fondo de Financiamento a Entidades Locais**

Artigo 6. *Creación do Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas.*

1. Créase o Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas con natureza de fondo sen personalidade xurídica dos previstos no artigo 2.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, coa finalidade de garantir a sustentabilidade financeira das comunidades autónomas adheridas.

Con cargo aos recursos do fondo formalizaranse operacións de crédito coas comunidades autónomas para atender as súas necesidades financeiras.

2. O Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas estrutúrase en catro compartimentos con características e condicións propias coa seguinte denominación:

- a) Facidade Financeira.
- b) Fondo de Liquidez Autonómico.
- c) Fondo Social.

d) Fondo en liquidación para o Financiamento dos Pagamentos aos Provedores de Comunidades Autónomas.

3. O patrimonio do Fondo de Liquidez Autonómico, creado polo Real decreto lei 21/2012, do 13 de xullo, de medidas de liquidez das administracións públicas e no ámbito financeiro, transfírese ao Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas, a través do compartimento Fondo de Liquidez Autonómico, e o Fondo sucederá en todos os seus dereitos e obrigacións. Esta transmisión ten lugar en unidade de acto o 1 de xaneiro de 2015.

Transmitido o patrimonio de acordo co previsto neste artigo, considérase extinguido o Fondo de Liquidez Autonómico.

4. O patrimonio do Fondo para o Financiamento dos Pagamentos aos Provedores 2 correspondente aos compartimentos de comunidades autónomas adheridas ao Fondo de Liquidez Autonómico e comunidades autónomas non adheridas ao Fondo de Liquidez Autonómico transfírese ao Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas, a través do compartimento Fondo en liquidación para o Financiamento dos Pagamentos aos Provedores de Comunidades Autónomas, e o Fondo sucederá en todos os seus dereitos e obrigacións. Esta transmisión ten lugar en unidade de acto o 1 de xaneiro de 2015.

Transmitido o patrimonio de acordo co previsto neste artigo e no seguinte, considérase extinguido o Fondo para o Financiamento dos Pagamentos aos Provedores 2.

#### Artigo 7. *Creación do Fondo de Financiamento a Entidades Locais.*

1. Créase o Fondo de Financiamento a Entidades Locais con natureza de fondo sen personalidade xurídica dos previstos no artigo 2.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, coa finalidade de garantir a sustentabilidade financeira dos municipios adheridos, mediante a atención das súas necesidades financeiras.

2. O Fondo de Financiamento a Entidades Locais estrutúrase en tres compartimentos con características e condicións propias coa seguinte denominación:

- a) Fondo de Impulso Económico.
- b) Fondo de Ordenación.
- c) Fondo en liquidación para o Financiamento dos Pagamentos aos Provedores de Entidades Locais.

3. O patrimonio do Fondo para o Financiamento dos Pagamentos aos Provedores 2 correspondente ás entidades locais transfírese ao Fondo de Financiamento a Entidades Locais, a través do compartimento Fondo en liquidación para o Financiamento dos Pagamentos aos Provedores de Entidades Locais, e o Fondo sucederá en todos os seus dereitos e obrigacións. Esta transmisión ten lugar en unidade de acto o 1 de xaneiro de 2015.

Transmitido o patrimonio de acordo co previsto neste artigo e no anterior, considérase extinguido o Fondo para o Financiamento dos Pagamentos aos Provedores 2.

#### Artigo 8. *Réxime económico-financieiro do Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas e do Fondo de Financiamento a Entidades Locais.*

1. O réxime orzamentario, económico-financieiro, contable e de control do Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas e do Fondo de Financiamento a Entidades Locais será o previsto na Lei 47/2003, do 26 de novembro, para os fondos carentes de personalidade xurídica cuxa dotación se efectúe maioritariamente con cargo aos orzamentos xerais do Estado mencionados no artigo 2.2 da dita lei.

2. Mediante orde do ministro de Facenda e Administracións Públicas poderanse concretar as directrices contables e orzamentarias e os requirimentos precisos que posibiliten un seguimento diferenciado da información orzamentaria e contable vinculada especificamente a cada compartimento en que se estruturan o Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas e o Fondo de Financiamento a Entidades Locais.

3. A formulación, posta á disposición, aprobación e rendición de contas do Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas e do Fondo de Financiamento a Entidades Locais corresponde á Secretaría de Estado de Administracións Públicas.

A rendición das contas realizaráselle ao Tribunal de Contas por conduto da Intervención Xeral da Administración do Estado, conforme o previsto nos artigos 137 e 139 bis da Lei 47/2003, do 26 de novembro.

#### Artigo 9. *Adscrición.*

O Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas e o Fondo de Financiamento a Entidades Locais estarán adscritos ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a través da Secretaría de Estado de Administracións Públicas.

#### Artigo 10. *Xestión financeira do Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas e do Fondo de Financiamento a Entidades Locais.*

1. Corresponde ao Instituto de Crédito Oficial a xestión financeira do Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas e do Fondo de Financiamento a Entidades Locais. Na súa virtude, entre outras funcións, o Instituto de Crédito Oficial formalizará, en nome e representación do Goberno español e por conta do Estado, as correspondentes pólizas de préstamo que subscriba coas comunidades autónomas e entidades locais, en virtude da preceptiva instrución da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, por proposta do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. Igualmente, prestará os servizos de instrumentación técnica, contabilidade, caixa, axente pagador, seguimento e, en xeral, todos aqueles servizos de carácter financeiro relativos ás operacións autorizadas con cargo ao Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas e ao Fondo de Financiamento a Entidades Locais, sen prexuízo das competencias que en materia de control se establecen na Lei 47/2003, do 26 de novembro, e demais normativa vixente.

2. Por instrucións do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e na súa calidade de axente financeiro dos fondos, o Instituto de Crédito Oficial poderá contratar con cargo a tales fondos as asistencias técnicas vinculadas ás operacións obxecto deste mandato que resulten necesarias. O procedemento de contratación axustarase ás previsións normativas específicas referentes á contratación do Instituto.

3. Con cargo ao Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas e ao Fondo de Financiamento a Entidades Locais e logo de autorización por Acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, compensarase anualmente o Instituto de Crédito Oficial polos custos en que incorra no desenvolvemento e execución da función que se lle encomenda, mediante o pagamento da correspondente compensación económica.

#### Artigo 11. *Concertación de operacións de crédito.*

1. A Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos acordará a distribución da dotación do Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas e do Fondo de Financiamento a Entidades Locais por compartimentos, así como os importes máximos que percibirán comunidades autónomas e entidades locais beneficiarias para subscribir as correspondentes operacións de crédito.

Esta distribución especificará o importe máximo dispoñible para atender as necesidades previstas no ámbito obxectivo de cada compartimento.

2. O Estado concertará operacións de crédito, con cargo ao Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas e ao Fondo de Financiamento a Entidades Locais, con cada unha das comunidades autónomas e entidades locais que se adhiran, por un importe que non poderá superar os recursos necesarios para atender as súas necesidades financeiras cos límites que se establezan neste real decreto lei e por acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

3. As condicións financeiras aplicables a estas operacións de crédito estableceranse por acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, por proposta do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e do Ministerio de Economía e Competitividade.

Artigo 12. *Captación dos recursos.*

O programa de financiamento do Estado incorporará os importes derivados das operacións de endebedamento necesarias para financiar as operacións de crédito do Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas e do Fondo de Financiamento a Entidades Locais previstas neste real decreto lei.

Artigo 13. *Recursos do Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas e do Fondo de Financiamento a Entidades Locais.*

1. Sen prexuízo do patrimonio recibido de conformidade co disposto neste real decreto lei, consignaranse na lei de orzamentos xerais do Estado de cada ano as dotacións necesarias para o cumprimento do obxecto e dos fins do Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas e do Fondo de Financiamento a Entidades Locais.

2. Os rendementos de calquera natureza que xeren o Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas e o Fondo de Financiamento a Entidades Locais, unha vez deducidos os gastos de xestión dos fondos, así como os recursos procedentes das amortizacións das operacións de crédito concertadas, ingresaranse anualmente no Tesouro Público de acordo co establecido para tal efecto por acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

3. Non obstante, a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos poderá acordar que os recursos procedentes das amortizacións se destinen a financiar novas operacións de crédito que se subscriban coas comunidades autónomas e entidades locais sen que sexa preceptivo o seu ingreso no Tesouro Público, reducindo en consecuencia as achegas necesarias dos orzamentos xerais do Estado para a subscripción de tales operacións.

Artigo 14. *Extinción do Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas e do Fondo de Financiamento a Entidades Locais.*

O Consello de Ministros, unha vez liquidadas as operacións de crédito coas comunidades autónomas e entidades locais logo de informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, poderá acordar mediante real decreto a extinción do Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas e do Fondo de Financiamento a Entidades Locais.

## TÍTULO II

### Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas

#### CAPÍTULO I

##### Compartimento Facilidade Financeira

Artigo 15. *Ámbito subxectivo.*

1. Poderán adherirse ao compartimento Facilidade Financeira do Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas aquelas comunidades autónomas que cumpran os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública, de acordo co informe do artigo 17 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, e o seu período medio de pagamento a provedores, de acordo cos datos publicados na central de información

económico-financeira das administracións públicas, non supere en máis de trinta días o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade durante dous meses consecutivos contado desde a actualización do seu plan de tesouraría, de acordo co previsto no artigo 18.4 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril.

2. As comunidades autónomas que cumpran os requisitos previstos no punto anterior pero que se encontren adheridas tras a entrada en vigor deste real decreto lei ao compartimento Fondo de Liquidez Autonómico poderán solicitar a súa adhesión ao compartimento Facilidade Financeira, e seralles de aplicación o previsto neste capítulo.

Non obstante o anterior, se unha comunidade autónoma ten obrigacións pendentes de pagamento co Fondo de Liquidez Autonómico no momento da entrada en vigor deste real decreto lei, a comunidade autónoma deberá cumprir co seu plan de axuste e o resto das condicións fiscais previstas no artigo 25, aínda que quedará sometida ás condicións de prudencia financeira fixadas mediante resolución da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira nos termos que se estableza para o compartimento Facilidade Financeira do Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas.

3. As comunidades autónomas que incumpran os requisitos recollidos no punto 1 anterior ao longo do exercicio poderán ser requiridas polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a adherirse ao compartimento Fondo de Liquidez Autonómico. Se no prazo recollido no citado requirimento non se adhíren, quedarán automaticamente adheridas ao dito compartimento.

#### Artigo 16. *Ámbito obxectivo.*

A través do compartimento de Facilidade Financeira as comunidades autónomas solicitarán financiamento para:

- a) Os vencementos correspondentes aos valores emitidos.
- b) Os vencementos de préstamos concedidos por institucións europeas de que España sexa membro.
- c) Os vencementos de préstamos concedidos por entidades financeiras residentes.
- d) Os vencementos de préstamos concedidos por entidades financeiras non residentes.
- e) As necesidades de financiamento do déficit público, incluíndo as correspondentes a desviacións de déficit de anos anteriores pendentes de financiar.
- f) O endebedamento previsto nos acordos do Consello de Política Fiscal e Financeira para financiar a anualidade que se deba satisfacer no exercicio corrente para aboar as liquidacións negativas en aplicación do establecido na disposición adicional cuarta da Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias.
- g) Aquelas operacións financeiras que acorde a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

#### Artigo 17. *Adhesión ao compartimento Facilidade Financeira.*

1. A adhesión a este compartimento do Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas exixirá a aceptación previa polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas da solicitude formulada pola comunidade autónoma. A esta deberáselle xuntar a estimación das necesidades de liquidez da comunidade autónoma para atender no exercicio seguinte, detallando a relación de obrigacións pendentes de pagamento asociadas a vencementos de débeda pública e o volume do financiamento destinado a cubrir déficit público.

2. No mes de xullo de cada ano as comunidades autónomas que queiran cubrir as súas necesidades de financiamento previstas neste capítulo para o ano seguinte deberán presentar a súa solicitude ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, que será aceptada se a comunidade autónoma reúne os requisitos previstos no artigo 15. Para

estes efectos, terase en conta para valorar o cumprimento de obxectivos o informe previsto no artigo 17.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril. A aceptación, nas súas contías, quedará suxeita á repartición aprobada pola Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

As solicitudes presentadas fóra do prazo indicado no parágrafo anterior só serán aceptadas en función das dispoñibilidades orzamentarias e a situación financeira da comunidade autónoma. Para estes efectos, terase en conta para valorar o cumprimento de obxectivos o informe previsto nos puntos 3 ou 4 do artigo 17 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, segundo o último informe publicado.

3. Antes do 31 de decembro de cada ano a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos aprobará a distribución de recursos entre as comunidades autónomas adheridas destinados a cubrir as necesidades de financiamento para o ano seguinte incluídas na solicitude de adhesión.

4. Aceptada a solicitude, a comunidade autónoma adoptará un acordo do seu Consello de Goberno ou órgano competente, en que conste:

- a) A súa vontade de adhesión a este compartimento.
- b) O compromiso de destinar os fondos recibidos a través deste compartimento ás necesidades de financiamento aprobadas pola Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.
- c) Cumprir co previsto neste real decreto lei e nas disposicións e acordos do Consello de Política Fiscal e Financeira e da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos que desenvolvan este mecanismo de financiamento e, en particular, co principio de prudencia financeira que lles corresponda e as obrigacións previstas no artigo 19.

5. A comunidade autónoma deberá remitir ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas copia de ter subscrito o acto de adhesión á plataforma Emprende en tres e do acto de adhesión ao Punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración xeral do Estado.

#### Artigo 18. *Xestión do crédito concedido.*

1. A comunidade autónoma adherida a este compartimento subscibirá a correspondente operación de crédito co Estado.

2. O Estado, en nome e por conta da comunidade autónoma, xestionará, con cargo ao crédito concedido, o pagamento dos vencementos de débeda pública da comunidade autónoma e, de ser o caso, os xuros asociados, a través do Instituto de Crédito Oficial, como axente de pagamentos do Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas.

3. As disposicións do compartimento Facilitade Financeira do Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas para atender as súas necesidades de financiamento do déficit público, así como as previstas na letra f) do artigo 16, axustaranse a un calendario por tramos e desembolsaranse a favor das comunidades autónomas adheridas, salvo as que financien desviacións de déficit de anos anteriores pendentes de financiar, que se desembolsarán directamente en favor dos correspondentes provedores da comunidade autónoma, nos termos previstos polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a través do Instituto de Crédito Oficial.

#### Artigo 19. *Condicións financeiras e obrigacións de información.*

1. As comunidades autónomas adheridas ao compartimento facilidade financeira:

- a) Non poderán realizar operacións instrumentadas en valores nin operacións de crédito a longo prazo, salvo autorización previa expresa da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, sen prexuízo da autorización preceptiva do Consello de Ministros, de conformidade co artigo 14 da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas.

b) As condicións financeiras de todas as súas operacións de crédito a curto prazo, que non estean suxeitas a autorización conforme a Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, e a Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, deberán ser comunicadas á Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira. A esta comunicación xuntaráselle o certificado da Intervención Xeral da comunidade autónoma ou unidade equivalente sobre o cumprimento das condicións financeiras.

2. No caso de non ter acordado co Ministerio de Facenda e Administracións Públicas un plan de axuste, a través da súa Intervención Xeral ou unidade equivalente, a comunidade autónoma deberá remitir con periodicidade trimestral a seguinte información:

- a) Escenario económico-financeiro para o exercicio corrente e o seguinte, co detalle das medidas adoptadas e previstas en materia de gastos e ingresos, así como o seu calendario de implantación e efectos.
- b) Información en materia de reordenación do sector público autonómico.

## CAPÍTULO II

### Compartimento Fondo de Liquidez Autonómico

#### *Sección 1.ª Disposicións xerais*

#### Artigo 20. *Ámbito subxectivo.*

1. As comunidades autónomas adheridas ao Fondo de Liquidez Autonómico no momento da entrada en vigor deste real decreto lei quedarán inmediatamente adscritas ao compartimento Fondo de Liquidez Autonómico do Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas coa condicionalidade prevista nos artigos 24 e 25.

2. Cando de acordo co previsto no punto 7 da disposición adicional primeira da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas propoña a unha comunidade autónoma a entrada a un mecanismo extraordinario de financiamento ante o incumprimento do seu período medio de pagamento, esta levarase a cabo no compartimento Fondo de Liquidez Autonómico do Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas.

No caso de que a comunidade autónoma non presente a solicitude de adhesión, quedará automaticamente adherida ao compartimento Fondo de Liquidez Autonómico e achegará a estimación das necesidades de liquidez da comunidade autónoma para atender no exercicio de acordo co previsto no artigo 22. Así mesmo, resultaralle de aplicación o disposto neste real decreto lei, os acordos do Consello de Política Fiscal e Financeira, os acordos da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, no Programa que resulte de aplicación, así como o previsto en calquera disposición que desenvolva este mecanismo de financiamento.

#### Artigo 21. *Ámbito obxectivo.*

A través do compartimento de Fondo de Liquidez Autonómico as comunidades autónomas solicitarán financiamento para:

- a) Os vencementos correspondentes aos valores emitidos.
- b) Os vencementos de préstamos concedidos por institucións europeas de que España sexa membro.
- c) Os vencementos de préstamos concedidos por entidades financeiras residentes.
- d) Os vencementos de préstamos concedidos por entidades financeiras non residentes.
- e) As necesidades de financiamento do déficit público, incluíndo as correspondentes a desviacións de déficit de anos anteriores pendentes de financiar.



f) O endebedamento previsto nos acordos do Consello de Política Fiscal e Financeira para financiar a anualidade que se deba satisfacer no exercicio corrente para aboar as liquidacións negativas en aplicación do establecido na disposición adicional cuarta da Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias.

g) Aquelas operacións financeiras que acorde a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

#### Artigo 22. *Adhesión ao compartimento Fondo de Liquidez Autonómico.*

1. A adhesión ao compartimento Fondo de Liquidez Autonómico exixirá a aceptación previa polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas da solicitude formulada pola comunidade autónoma, a cal se outorgará atendendo á súa situación financeira.

2. No mes de xullo de cada ano, as comunidades autónomas poderán solicitar ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a adhesión ao compartimento Fondo de Liquidez Autonómico.

Xunto coa solicitude deberase achegar unha estimación das necesidades de liquidez da comunidade autónoma para atender no exercicio seguinte, de acordo co previsto no artigo 21, detallando a relación das obrigacións pendentes de pagamento asociadas a vencementos de débeda pública que vaian ser obxecto do financiamento e volume do financiamento destinado a cubrir déficit público.

As solicitudes presentadas fóra do prazo indicado no parágrafo primeiro deste punto só serán aceptadas en función das dispoñibilidades orzamentarias e da situación financeira da comunidade autónoma.

3. Aceptada a solicitude, a comunidade autónoma adoptará un acordo do seu Consello de Goberno ou órgano competente, en que conste a súa vontade de adhesión a este compartimento e o compromiso de cumprir o disposto neste real decreto lei, os acordos do Consello de Política Fiscal e Financeira, os acordos da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, no programa que resulte de aplicación, así como o previsto en calquera disposición que desenvolva este mecanismo de financiamento.

4. A comunidade autónoma deberá remitir ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas copia de ter subscrito o acto de adhesión á plataforma Emprende en tres e do acto de adhesión ao Punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración xeral do Estado.

#### Artigo 23. *Concertación de operacións de crédito.*

1. O importe das operacións que concerte o Estado con cargo ao compartimento de Fondo de Liquidez Autonómico con cada unha das comunidades autónomas que se adhiran non poderá superar os recursos necesarios para atender os vencementos da débeda financeira pola comunidade autónoma e as súas entidades dependentes que se clasifiquen dentro do sector administracións públicas, de acordo coa definición e delimitación do Sistema europeo de contas, así como as cantidades necesarias para financiar o endebedamento permitido pola normativa de estabilidade orzamentaria, cos límites que se establezan por acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

2. O Estado, en nome e por conta da comunidade autónoma, xestionará, con cargo ao crédito concedido, o pagamento dos vencementos de débeda pública da comunidade autónoma, a través do Instituto de Crédito Oficial como axente de pagamentos designado para o efecto.

3. As disposicións do compartimento do Fondo de Liquidez Autonómico do Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas en favor das comunidades autónomas adheridas, para atender as súas necesidades de financiamento do déficit público, así como as previstas na letra f) do artigo 21, axustaranse a un calendario por tramos. O

desembolso de cada tramo estará condicionado ao cumprimento das condicións fiscais e financeiras, logo de informe do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

### *Sección 2.<sup>a</sup> Condicións financeiras e fiscais*

#### *Artigo 24. Condicións financeiras.*

A adhesión ao compartimento Fondo de Liquidez Autonómico implicará a aceptación pola comunidade autónoma, así como polos seus organismos ou entes públicos que se clasifiquen dentro do sector administracións públicas, de acordo coa definición e delimitación do Sistema europeo de contas, das seguintes condicións financeiras:

a) A liquidez outorgada con este compartimento deberá ser utilizada para atender o previsto no artigo 21.

b) Non poderán realizar operacións instrumentadas en valores nin operacións de crédito a longo prazo, salvo autorización previa expresa da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, sen prexuízo da autorización preceptiva do Consello de Ministros, de conformidade co artigo 14 da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas.

c) As condicións financeiras das operacións de crédito a curto prazo que non estean suxeitas a autorización conforme a Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, e a Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, deberán ser comunicadas á Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira. A esta comunicación xuntaráse o certificado da Intervención Xeral da comunidade autónoma ou unidade equivalente sobre o cumprimento das condicións financeiras.

d) O Estado, en nome e por conta da comunidade autónoma, xestionará, con cargo ao crédito concedido, o pagamento dos vencementos de débeda pública da comunidade autónoma, así como os pagamentos correspondentes ás restantes necesidades de financiamento do déficit público, así como as previstas na letra f) do artigo 21, nos termos previstos no programa que resulte de aplicación, a través do Instituto de Crédito Oficial, como axente de pagamentos designado para o efecto.

e) A comunidade autónoma subscribirá a correspondente operación de crédito co Estado nos termos previstos nos artigos 11 e 23.

#### *Artigo 25. Condicións fiscais.*

A adhesión ao compartimento Fondo de Liquidez Autonómico por parte dunha comunidade autónoma suporá a aceptación de todas as condicións seguintes:

a) No prazo de sete días naturais desde a aprobación do acordo de Consello de Goberno ou órgano equivalente, previsto no artigo 22, a comunidade autónoma deberá presentar e acordar co Ministerio de Facenda e Administracións Públicas un plan de axuste consistente cos obxectivos de estabilidade e de débeda pública e co plan económico-financeiro que, de ser o caso, presentase, e que asegure o reembolso das cantidades achegadas polo Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas.

Se a comunidade autónoma xa ten aprobado un plan de axuste, como consecuencia do acceso a outros mecanismos adicionais establecidos polo Estado conforme o previsto na disposición adicional primeira da Lei orgánica, 2/2012, do 27 de abril, deberán acordarse co Ministerio de Facenda e Administracións Públicas as modificacións que resulten necesarias para o cumprimento dos novos compromisos adquiridos.

b) Suxeitarse á supervisión por parte do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas da adopción e execución das medidas previstas no plan de axuste.

c) O plan de axuste será único con independencia do compartimento de que derive.

d) A falta de remisión, ou a valoración desfavorable do plan de axuste, darán lugar á inadmisión da adhesión ao compartimento. Así mesmo, os supostos anteriores ou o incumprimento dese plan suporá a aplicación do previsto no punto 5 da disposición

adicional primeira da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

e) A comunidade autónoma enviará mensualmente, a través da súa Intervención Xeral ou unidade equivalente, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas información actualizada sobre a execución do plan de axuste e deberá atender calquera requirimento de información que, para estes efectos, formule o citado ministerio.

#### Artigo 26. *Seguimento dos plans de axuste.*

1. O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas realizará o seguimento dos plans de axuste.

2. O órgano de control interno da comunidade autónoma velará pola adecuada aplicación do plan de axuste, e para eses efectos realizará cantas actuacións sexan necesarias e, de ser o caso, deixará constancia da súa non adopción ou incumprimento nos correspondentes informes de seguimento que enviará ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Estes informes serán tidos en conta polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para o seguimento dos plans de axuste.

3. No caso de que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas detecte riscos de incumprimento ou incumprimento das medidas do plan de axuste, propondrá a súa modificación coa adopción de novas medidas ou a alteración do calendario da súa execución, e poderá solicitar á Intervención Xeral da Administración do Estado que acorde as actuacións necesarias para levar a cabo unha misión de control.

En todo caso, o cumprimento das medidas propostas condicionará a concesión dos sucesivos tramos de préstamo.

Se o risco detectado é de posible incumprimento do pagamento dos vencementos de débeda pública, procederase conforme o previsto na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril.

#### Artigo 27. *Actuacións de control.*

1. Cando a Intervención Xeral da Administración do Estado envíe unha misión de control, esta terá como obxectivo concretar o diagnóstico da situación financeira da comunidade autónoma no marco dos compromisos adquiridos no plan de axuste, aplicando as técnicas e metodoloxías de control que se consideren oportunas.

2. O órgano de control interno da comunidade autónoma prestará toda a axuda e colaboración que sexa necesaria á misión da Intervención Xeral da Administración do Estado, que terá acceso á totalidade da documentación da comunidade autónoma, para o bo desempeño das súas funcións.

3. No prazo máximo dun mes desde que se inicie a misión de control, a Intervención Xeral da Administración do Estado emitirá un informe sobre a adecuación financeira das previsións recollidas no plan de axuste en vigor e os seus incumprimentos ou riscos de incumprimento.

4. Este informe será remitido ao ministro de Facenda e Administracións Públicas para os efectos de aplicar o disposto nos artigos 25 e 26 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril.

## CAPÍTULO III

**Compartimento Fondo Social e retencións en materia de gasto social***Sección 1.ª Fondo Social***Artigo 28. *Ámbito subxectivo.***

Poderán solicitar a súa adhesión a este compartimento as comunidades autónomas que, no momento da entrada en vigor deste real decreto lei, teñan obrigacións pendentes de pagamento coas entidades locais que sexan vencidas, líquidas e exixibles en 31 de decembro de 2014 derivadas de convenios subscritos en materia de gasto social e outras transferencias en materia de gasto social.

**Artigo 29. *Ámbito obxectivo.***

1. Poderanse financiar a través do compartimento Fondo Social do Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas as obrigacións pendentes de pagamento vencidas, líquidas e exixibles, derivadas de convenios subscritos en materia social entre unha comunidade autónoma e unha entidade local, así como doutras transferencias en materia de gasto social da comunidade autónoma á entidade local.

2. As obrigacións de pagamento anteriores ao exercicio 2014 terán que estar incluídas na conta xeral da comunidade autónoma do exercicio 2013 e anteriores, ou nas contas anuais aprobadas correspondentes a tales exercicios no suposto de que se trate dunha entidade que non forme parte dela.

As obrigacións pendentes de pagamento correspondentes ao exercicio 2014 deberán estar contabilizadas nos datos de peche do dito exercicio comunicados ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas con anterioridade ao 31 de xaneiro de 2015, de acordo coas obrigacións de remisión de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, e no artigo 14 da Orde HAP 2105/2012, do 1 de outubro.

3. En todo caso, as operacións deberán estar aplicadas a orzamento antes da remisión da relación definitiva de obrigacións pendentes de pagamento por parte da comunidade autónoma.

**Artigo 30. *Concepto de convenio e de transferencia en materia de gasto social.***

Para os efectos do previsto neste real decreto lei:

a) Entenderase por convenio en materia de gasto social aquel que prevexa obrigacións de pagamento da comunidade autónoma á entidade local e que teña por obxecto a prestación de servizos educativos, sanitarios e de servizos sociais previstos na disposición adicional décimo quinta, na disposición transitoria primeira e na disposición transitoria segunda da Lei 27/2013, do 27 de decembro, e que estean recollidos nas políticas de gasto 23, 24, 31 e 32 da clasificación por programas da estrutura dos orzamentos das entidades locais, aprobada pola Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

b) Entenderase por transferencia en materia de gasto social aquela transferencia orzamentaria da comunidade autónoma á entidade local que teña por obxecto financiar as políticas de gasto enumeradas na letra anterior.

**Artigo 31. *Adhesión ao compartimento Fondo Social.***

1. A adhesión a este compartimento exixirá a aceptación previa polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas da solicitude formulada pola comunidade autónoma, a cal se outorgará atendendo á súa situación financeira.

2. A través da súa Intervención Xeral ou unidade equivalente, a comunidade autónoma remitirá por vía telemática o correspondente acordo do seu Consello de

Goberno ou órgano competente, en que conste a súa solicitude de adhesión e o compromiso de cumprir o disposto neste real decreto lei e nas súas disposicións e acordos de desenvolvemento.

*Artigo 32. Procedemento para a subministración de información para o pagamento de obrigacións pendentes.*

1. Do 2 ao 16 de febreiro de 2015, inclusive, as comunidades autónomas remitirán ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, mediante a plataforma telemática habilitada para o efecto, a relación de obrigacións pendentes de pagamento susceptibles de aboarse a través deste compartimento co contido mínimo que comunique o ministerio.

2. A esta remisión xuntaráse un certificado do interventor xeral da comunidade autónoma acreditativo de que as obrigacións remitidas se axustan ás condicións definidas neste real decreto lei e nas súas disposicións de desenvolvemento.

3. Ata o 19 de febreiro de 2015, inclusive, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas realizará comprobacións sobre a relación remitida polas comunidades autónomas, emendaranse os erros detectados e poderanse efectuar a retirada de determinados pagamentos propostos.

4. Desde o 20 ao 27 de febreiro de 2015, inclusive, as entidades locais poderán acceder á relación subministrada pola comunidade autónoma e solicitar á comunidade autónoma a inclusión daquelas obrigacións que entendan que se encontran pendentes de pagamento ou a modificación das incluídas.

5. Ata o 15 de marzo de 2015, inclusive, as comunidades autónomas remitirán, se procede, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, mediante a plataforma telemática habilitada para o efecto, a actualización da relación de obrigacións pendentes de pagamento susceptibles de aboarse a través deste compartimento. De igual maneira se actualizará, de ser o caso, a citada certificación do interventor xeral da comunidade autónoma, indicándose expresamente que a relación remitida comprende a totalidade de obrigacións pendentes de pagamento susceptibles de ser aboadas no ámbito deste compartimento.

6. Será responsabilidade da comunidade autónoma o cumprimento das normas aplicables aos pagamentos propostos, así como velar pola inexistencia de pagamentos duplicados coa súa tesouraría ordinaria ou mecanismos de financiamento habilitados.

7. O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas realizará comprobacións sobre a relación remitida polas comunidades autónomas e emendaranse os erros detectados e poderase efectuar a retirada de determinados pagamentos propostos.

*Artigo 33. Concertación de operacións de crédito*

1. O Estado concertará operacións de crédito, con cargo ao compartimento Fondo Social do Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas, con cada unha das comunidades autónomas que se adhiran ao mecanismo por un importe que non poderá superar os recursos necesarios para atender as obrigacións pendentes de pagamento por parte das comunidades autónomas coas entidades locais derivadas dos convenios e transferencias en materia de gasto social pola comunidade autónoma.

2. Corresponderá ao Instituto de Crédito Oficial, como axente de pagamentos do Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas, a materialización dos pagamentos que se fagan con cargo a este compartimento segundo a relación remitida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e conforme as condicións establecidas polas normas e disposicións reguladoras deste compartimento.

*Artigo 34. Cancelación de obrigacións pendentes de pagamento.*

1. Os recursos obtidos pola entidade local a través deste compartimento entenderanse automaticamente afectados aos fins que constitúen o obxecto do convenio

ou ás políticas de gasto a que estea asociada a transferencia, segundo corresponda e, en ambos os casos, coa seguinte prelación, deberán destinarse a:

a) Pagar aos destinatarios finais do servizo relativo a gasto social para o cal se subscribiu o convenio ou se fixo a transferencia.

b) Se, no momento de recibir o ingreso, a entidade local xa tiver financiado estes servizos cos seus propios recursos ou con endebedamento financeiro, deberá dedicar os recursos recibidos a:

1.º Amortizar o endebedamento financeiro que concertase para financiar os citados servizos.

2.º Ao pagamento a provedores para reducir o seu período medio de pagamento.

3.º Amortizar parte do préstamo que, de ser o caso, tiver suscrito co Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores 2.

4.º Reducir o seu nivel de endebedamento financeiro correspondente a operacións distintas das incluídas no primeiro e terceiro punto.

5.º Pagar as débedas pendentes derivadas de convenios suscritos con outras administracións ou entidades públicas.

2. O aboamento a favor da entidade local supón a extinción da débeda contraída pola comunidade autónoma na parte correspondente a tal aboamento nos termos previstos no artigo 38.

*Sección 2.ª Obrigacións pendentes de pagamento en 31 de decembro de 2014 derivadas de convenios suscritos e doutras transferencias en materia de gasto social*

**Artigo 35. Certificación de obrigacións pendentes de pagamento en 31 de decembro de 2014.**

1. As comunidades autónomas non adheridas ao compartimento Fondo Social do Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas remitirán, do 2 ao 16 de febreiro de 2015, inclusive, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a través da plataforma telemática que se habilite para o efecto, unha relación das obrigacións pendentes de pagamento que cumpran os requisitos previstos nos puntos 1 e 2 do artigo 29.

A esta remisión xuntaráse un certificado do interventor xeral da comunidade autónoma acreditativo de que as obrigacións remitidas se axustan ás condicións definidas nesta sección.

2. Ata o 19 de febreiro de 2015, inclusive, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas poderá realizar comprobacións sobre a relación remitida polas comunidades autónomas e emendaranse os erros detectados e poderanse excluír certas débedas.

3. Desde o 20 ao 27 de febreiro de 2015 inclusive, as entidades locais poderán acceder á relación subministrada pola comunidade autónoma e solicitar á comunidade autónoma a inclusión daquelas obrigacións que entendan que se encontran pendentes de pagamento ou a modificación das incluídas.

4. Ata o 30 de abril de 2015 inclusive, as comunidades autónomas remitirán ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, mediante a plataforma telemática habilitada para o efecto, a relación actualizada de obrigacións pendentes de pagamento na dita data que non fosen obxecto de cancelación coa entidade local e se encontren aplicadas a orzamento. De igual maneira se actualizará, de ser o caso, a certificación do interventor xeral da comunidade autónoma a que se alude no punto primeiro deste artigo, indicándose expresamente que a relación remitida comprende a totalidade de obrigacións pendentes de pagamento susceptibles de ser obxecto de retención. De non existiren obrigacións pendentes de pagamento, a certificación acreditará expresamente esta circunstancia.

Artigo 36. *Retención de recursos para o aboamento de obrigacións pendentes de pagamento en 31 de decembro de 2014.*

1. Atendendo ás obrigacións pendentes de pagamento certificadas nos termos previstos no punto cuarto do artigo anterior e modificadas, de ser o caso, de conformidade co disposto no artigo 38.2, iniciarase o procedemento de retención ou dedución dos seus recursos do sistema de financiamento para pagar tales débedas, previsto na disposición adicional oitava da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, nos termos que estableza esta sección.

2. O importe que deberá ser obxecto de dedución ou retención será o que se recollese na última relación certificada actualizada, a que se refire o punto cuarto do artigo anterior, modificada, de ser o caso, de conformidade co disposto no artigo 38.2.

3. O titular da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local notificará á comunidade autónoma o importe que será obxecto de retención ou dedución, e esta resolución notificada terá a consideración de acordo de retención.

4. Son aplicables a este procedemento as previsións establecidas no artigo 38.

*Sección 3.<sup>a</sup> Procedemento e condicións para a retención dos recursos dos réximes de financiamento das comunidades autónomas por aplicación do artigo 57 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril*

Artigo 37. *Procedemento de retención.*

1. Coa periodicidade que determine o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e en todo caso entre o 1 e o 16 de febreiro, ambos inclusive, de cada ano, a comunidade autónoma deberá remitir ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a través da plataforma telemática habilitada, a relación de obrigacións pendentes de pagamento derivadas de normas autonómicas que deleguen competencias en materia de gasto social, e de convenios subscritos en materia de gasto social que, incluíndo a cláusula prevista no artigo 57 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, o seu cumprimento fose reclamado polas entidades locais, polo importe que a comunidade autónoma considere conforme. Así mesmo, poderán incluír nesa relación aquelas outras obrigacións pendentes de pagamento derivadas destas normas ou convenios que non fosen reclamadas.

Só se poderán incluír nesta relación as obrigacións vencidas, líquidas e exíxibles que se encontren aplicadas nos orzamentos ou estados contables da entidade, conforme a normativa orzamentaria e contable que resulte de aplicación.

2. A posta en marcha do procedemento de retención previsto nesta sección noutros momentos do exercicio establecerase mediante orde ministerial, en que se determinará a data límite para a remisión das obrigacións pendentes de pagamento polas comunidades autónomas, a cal resulta determinante do inicio do cómputo dos seguintes prazos aplicables ao procedemento de retención, sen prexuízo da súa posible modificación na citada orde.

3. Esta relación incluírá, ao menos, o importe e a data de cada documento acreditativo da obrigación de pagamento, a identificación do acredor actual e, en caso de cesión do crédito, do acredor orixinario, o número de conta corrente en que se debe realizar o pagamento, o tipo de débeda, a norma ou o convenio de que deriva a retención de recursos do sistema de financiamento e a partida orzamentaria ou conta contable en que a obrigación pendente de pagamento está rexistrada.

A relación de obrigacións irá acompañada dun certificado do interventor xeral da comunidade en que se acredite que as obrigacións pendentes de pagamento remitidas se axustan ás condicións definidas nesta sección.

4. Unha vez efectuada a remisión de obrigacións pendentes de pagamento a que se refire o punto anterior, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas poderá efectuar as actuacións de comprobación sobre a relación remitida no prazo de 5 días naturais, tras os cales as entidades locais poderán acceder á plataforma durante os quince días

naturais seguintes para verificar a relación subministrada pola comunidade autónoma e, no citado prazo, poderanlle solicitar á comunidade autónoma a inclusión na relación daquelas obrigacións que entendan que se encontran pendentes de pagamento ou a modificación das incluídas.

Esta solicitude por parte da entidade local terá a consideración de reclamación a que se refire o artigo 57 bis da Lei 7/1985, do 2 abril.

5. Nos quince días naturais seguintes ao prazo sinalado no punto anterior, as comunidades autónomas remitirán, se procede, mediante a plataforma telemática, a actualización da relación de obrigacións pendentes de pagamento e actualizarase, de ser o caso, a citada certificación do interventor xeral da comunidade autónoma.

A falta de actualización por parte da comunidade autónoma terá a consideración de desestimación da reclamación a que se refire o artigo 57 bis da Lei 7/1985, do 2 abril.

6. O importe que deberá ser obxecto de dedución ou retención será o que se recollese na última relación certificada a que se refire o punto anterior, modificada, de ser o caso, de conformidade co disposto no artigo 38.2.

7. O titular da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local notificará á comunidade autónoma o importe que será obxecto de retención ou dedución, e esta resolución notificada terá a consideración de acordo de retención.

#### *Artigo 38. Procedemento para o pagamento.*

1. Será responsabilidade da comunidade autónoma o cumprimento das normas aplicables aos pagamentos propostos, así como velar pola inexistencia de pagamentos duplicados coa súa tesouraría ordinaria ou mecanismos de financiamento habilitados.

2. O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas poderá realizar comprobacións sobre as relacións remitidas e contrastar a información remitida polas comunidades autónomas con aquela información que teña dispoñible ou poida requirir das entidades locais, e poderá efectuar a retirada ou solicitude de substitución de obrigacións pendentes de pagamento remitidas polas comunidades autónomas, así como requirirles a acreditación das causas, co detalle correspondente, das diverxencias existentes. Se das comprobacións realizadas resultan cambios na relación de obrigacións remitida anteriormente, o interventor xeral da comunidade autónoma actualizará a certificación enviada coa anterior relación de obrigacións.

3. O aboamento a favor da entidade local ou do cesionario do crédito levará consigo a extinción da débeda contraída pola comunidade autónoma polo importe satisfeito. A Administración xeral do Estado, que intervéen en nome e por conta da comunidade autónoma, segundo corresponda, só efectuará a xestión do pagamento das obrigacións, e quedará exenta de calquera responsabilidade ao respecto.

Todos os xuros de demora e gastos que se devindiquen conforme a normativa vixente serán asumidos e aboados pola comunidade autónoma.

4. O importe obxecto de dedución ou retención a que se refiren os artigos 36.2 e 37.6 aplicarase a un único concepto non orzamentario que se creará para o efecto. O pagamento aos terceiros da comunidade autónoma realizarase con cargo a ese concepto non orzamentario mediante o procedemento de pagamentos masivos coas adaptacións que, de ser o caso, se determinen regulamentariamente.

5. Nos supostos de retención ou dedución dos recursos das comunidades autónomas, antes da finalización do mes en que se deban satisfacer os recursos dos réximes de financiamento das comunidades autónomas que fosen obxecto da dedución ou retención correspondente, remitiranse as propostas de pagamento á Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira e a información relativa ás obrigacións pendentes cuxo pagamento se vaia efectuar con cargo a estes importes, para que proceda á ordenación do seu pagamento.

6. Informarase a comunidade autónoma dos pagamentos efectuados e das incidencias que, de ser o caso, impidan o pagamento material.



## TÍTULO III

### Fondo de Financiamento a Entidades Locais

#### CAPÍTULO I

#### Compartimento Fondo de Ordenación

##### *Sección 1.ª Disposicións xerais*

##### Artigo 39. *Ámbito subxectivo.*

1. Poderán solicitar a adhesión ao compartimento os municipios que cumprisen coas súas obrigacións de remisión de información económico-financeira, de acordo coa normativa reguladora das facendas locais e a de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e se encontren en situación de risco financeiro. Defínese o risco financeiro pola concorrencia dalgunha das situacións seguintes:

a) Que a súa débeda viva en 31 de decembro do exercicio inmediato anterior exceda o 110% dos ingresos correntes liquidados ou devindicados naquela data e, ademais, se encontre nas situacións descritas nas letras a), b) ou c) do artigo 21 do Real decreto lei 8/2013, do 28 de xuño, de medidas urxentes contra a morosidade das administracións públicas e de apoio a entidades locais con problemas financeiros, conforme os últimos datos dispoñibles no Ministerio de Facenda e Administracións Públicas das liquidacións dos orzamentos correspondentes aos dous exercicios orzamentarios inmediatamente anteriores, ou ben lles fosen concedidas as medidas extraordinarias daquela norma.

Os límites relativos ao nivel de débeda entenderanse aplicables mesmo cando os municipios estean suxeitos a un plan de redución de débeda e o estean cumprindo.

b) Os municipios que non poidan refinanciar ou renovar as súas operacións de crédito nas condicións de prudencia financeira que se fixen mediante resolución da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira.

2. Cando de acordo co previsto no punto 8 da disposición adicional primeira da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas propoña a unha entidade local incluída no ámbito subxectivo definido nos artigos 111 e 135 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais a entrada a un mecanismo extraordinario de financiamento por presentar de forma persistente, durante dous meses consecutivos, un período medio de pagamento que supere en máis de 30 días o prazo máximo de pagamento establecido na normativa de morosidade, esta levarase a cabo no compartimento Fondo de Ordenación do Fondo para o Financiamento a Entidades Locais.

##### Artigo 40. *Ámbito obxectivo.*

1. No caso dos municipios incluídos no artigo 39.1 a liquidez outorgada con este mecanismo deberá ser utilizada para:

a) Atender os vencementos de principal, e os seus xuros asociados, correspondentes ás operacións de préstamo a longo prazo que cumpran co principio de prudencia financeira.

b) Atender os vencementos correspondentes ás operacións de préstamo formalizadas no marco do mecanismo de financiamento dos pagamentos a provedores e atender os vencementos derivados das débedas que neste mesmo marco se estean compensando mediante retencións na participación en tributos do Estado.

c) Financiar a anualidade que deba satisfacerse no exercicio corrente para aboar as liquidacións negativas que resulten da aplicación das regras contidas nos capítulos II e IV dos títulos II e III do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e nas leis de orzamentos xerais do Estado.

2. No caso das entidades locais incluídas no artigo 39.2, coa liquidez outorgada con este mecanismo atenderanse as débedas con provedores que sexan vencidas, líquidas e exixibles, ata que o seu período medio de pagamento a provedores se axuste aos límites establecidos na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril. Para estes efectos, aplicarase o programa que determine o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas coa condicionalidade específica que, de ser o caso, proceda, ademais da establecida no artigo 47.

3. O Estado, en nome e por conta das entidades locais mencionadas nos puntos anteriores, xestionará con cargo ao crédito concedido o pagamento dos vencementos de operacións de préstamo a longo prazo, así como os pagamentos a provedores a través do Instituto de Crédito Oficial, como axente de pagamentos designado para o efecto.

*Artigo 41. Adhesión ao compartimento Fondo de Ordenación das Entidades Locais previstas no artigo 39.1.*

1. A adhesión das entidades locais previstas no artigo 39.1 a) axustarase ao seguinte procedemento:

a) O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, mediante resolución da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local, determinará os municipios que poderán solicitar a adhesión ao compartimento Fondo de Ordenación.

b) No mes seguinte contado desde a publicación da resolución mencionada no punto anterior, o municipio, a través do interventor, por medios telemáticos e con sinatura electrónica, presentará a solicitude de adhesión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas na cal se especificará o importe dos vencementos que se deberán atender no exercicio e a identificación das operacións financeiras a que corresponden.

A solicitude remitida debe ser aprobada previamente polo pleno da corporación local e ir acompañada dun plan de axuste, ou modificación do que teñan, e dos acordos plenarios de aceptación da supervisión e control por parte do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e de aplicación das medidas que, de ser o caso, poida indicar este para a actualización do plan de axuste e para a súa inclusión nos orzamentos xerais das entidades locais.

c) No prazo de dous meses contado desde a finalización do prazo a presentación da solicitude de adhesión e da documentación que se lle debe xuntar, a Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local valorará o plan de axuste presentado de modo que se asegure o cumprimento dos obxectivos de estabilidade e de débeda pública, así como o reembolso das cantidades que se presten con cargo ao compartimento do Fondo de Ordenación. Nese período a citada secretaria xeral poderá requirir ao municipio a inclusión de medidas que considere necesarias para considerar favorable o plan de axuste, para que en dez días naturais proceda ás modificacións.

d) A entidade local deberá remitir ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas copia de ter subscrito o acto de adhesión á plataforma Emprende en tres e do acto de adhesión ao Punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración xeral do Estado.

2. As entidades locais que reúnan os requisitos previstos no artigo 39.1.b) no mes de xullo de cada ano poderán presentar a súa solicitude ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, que será aceptada total ou parcialmente.

As solicitudes presentadas fóra do prazo indicado no parágrafo anterior só serán aceptadas en función das dispoñibilidades orzamentarias e da situación financeira da entidade local.

*Artigo 42. Adhesión ao compartimento Fondo de Ordenación das Entidades Locais do artigo 39.2.*

1. A adhesión das entidades locais incluídas no ámbito subxectivo definido no artigo 39.2 axustarase ao seguinte procedemento:

a) O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas remitirá á entidade local afectada, no mes natural seguinte a aquel en se practicase a segunda retención, unha proposta para que solicite a súa adhesión ao compartimento Fondo de Ordenación.

b) Nos 15 días naturais seguintes ao da notificación da proposta, a entidade local deberá presentar a solicitude correspondente coas condicións e contidos recollidos no artigo 41.1.b).

c) No prazo dun mes contado desde a finalización do prazo de presentación da solicitude de adhesión e da documentación que se lle debe xuntar, a Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local valorará o plan de axuste presentado, de modo que se permita o cumprimento dos obxectivos de estabilidade e de débeda pública, así como o reembolso das cantidades que se prevexa que teña que achegar o compartimento do Fondo de Ordenación. Nese período, a citada secretaria xeral poderá requirir ao concello a inclusión de medidas que considere necesarias para considerar favorable o plan de axuste.

d) A entidade local deberá remitir ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas copia de ter subscrito o acto de adhesión á plataforma Emprende en tres e do acto de adhesión ao Punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración xeral do Estado.

2. Se a entidade local non presenta a solicitude de adhesión no prazo recollido no punto anterior quedará automaticamente adherida ao compartimento Fondo de Ordenación e achegará a estimación das necesidades de liquidez para o pagamento a provedores da entidade local. Así mesmo, resultaralle de aplicación o disposto neste real decreto lei, os acordos da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, no programa que se determine, así como o previsto en calquera disposición que desenvolva este mecanismo de financiamento.

3. Manterase a aplicación de retencións da participación en tributos do Estado a que se refire o artigo 18.5 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, ata que cumpra co prazo máximo de pagamento previsto na normativa de morosidade durante tres meses consecutivos.

*Artigo 43. Formalización de operacións de crédito con cargo ao compartimento Fondo de Ordenación.*

1. No caso das entidades locais incluídas no ámbito do artigo 39.1, o Estado concertará operacións de crédito, con cargo ao compartimento Fondo de Ordenación, con cada un dos municipios que se adhiran por un importe que non poderá superar os recursos necesarios para atender os vencementos da débeda financeira polo municipio e as súas entidades dependentes que se clasifiquen dentro do sector administracións públicas, de acordo coa definición e delimitación do Sistema europeo de contas nacionais e rexionais.

2. No caso das entidades locais incluídas no ámbito do artigo 39.2, o Estado concertará operacións de crédito, con cargo ao compartimento Fondo de Ordenación, con cada unha das entidades locais que se adhiran por un importe que non poderá superar os recursos necesarios para atender os pagamentos a provedores na contía que sexa necesaria para reducir o período medio de pagamento de modo que non exceda os 30 días o prazo máximo establecido na normativa de morosidade.

Neste caso, as disposicións da operación de crédito poderán axustarse a un calendario por tramos. O desembolso de cada tramo poderá estar condicionado á acreditación previa do cumprimento das condicións fiscais e financeiras.

3. As operacións de crédito que formalice o Estado con cargo a este mecanismo coas entidades locais non estarán suxeitas ao réxime de autorización establecido no texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e, de ser o caso, nas leis de orzamentos xerais do Estado.

#### *Sección 2.<sup>a</sup> Condicións financeiras e fiscais*

Artigo 44. *Condicións financeiras aplicables aos municipios incluídos no artigo 39.1.*

A adhesión ao compartimento Fondo de Ordenación implicará a aceptación polo municipio, así como polos seus organismos ou entes públicos que se clasifiquen dentro do sector administracións públicas, de acordo coa definición e delimitación do Sistema europeo de contas nacionais e rexionais, das seguintes condicións financeiras:

a) A liquidez obtida a través daquel compartimento deberá ser utilizada para atender os vencementos das operacións a que se refire este capítulo. O Estado, en nome e por conta do municipio, xestionará, con cargo ao crédito concedido, o pagamento dos vencementos de operacións de préstamo a longo prazo da entidade local, a través do Instituto de Crédito Oficial, como axente de pagamentos designado para o efecto.

b) Unicamente poderán formalizar operacións financeiras a longo prazo para refinanciar ou renovar operacións de crédito en condicións de prudencia financeira.

Artigo 45. *Condicións fiscais aplicables aos municipios incluídos no artigo 39.1.a).*

Os municipios que se adhiran ao compartimento do Fondo de Ordenación deberán remitir ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas un plan de axuste, ou unha revisión do que xa teñan, incorporando, ao menos, as seguintes condicións:

1. En relación cos gastos: redución ao menos dun 5 por 100 dos seus gastos de funcionamento correspondentes aos capítulos 1 e 2 do estado de gastos no primeiro exercicio orzamentario posterior á adhesión ao compartimento Fondo de Ordenación e non aumentalos nos dous exercicios seguintes. A partir do cuarto exercicio orzamentario, poderán incrementalos nunha taxa de variación interanual que non supere a que se identifique para efectos da aplicación da regra de gasto definida no artigo 12 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril. No caso de municipios aos cales se lles concedesen as medidas extraordinarias contidas no título II do Real decreto lei 8/2013, do 28 de xuño, aquela redución será adicional á que este se refire.

2. En relación coa prestación de servizos deberán adoptarse as seguintes medidas:

a) Financiar integramente o custo dos servizos públicos mediante a aplicación de taxas e prezos públicos, de acordo cos seguintes límites mínimos:

1.º No primeiro exercicio orzamentario de aplicación das medidas, as taxas e prezos públicos deberán financiar, como mínimo, o 50 por cento do custo do servizo público correspondente.

2.º No segundo exercicio orzamentario de aplicación das medidas deberán financiar, como mínimo, o 75 por 100 do custo do servizo público correspondente.

3.º No terceiro exercicio orzamentario de aplicación das medidas deberán financiar a totalidade do custo do servizo público correspondente.

b) Se os municipios teñen unha poboación inferior a 20.000 habitantes deberanse comprometer a dar a aprobación a que se refire o artigo 26.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, para que a deputación provincial, consello ou cabido insular preste os servizos recollidos no dito artigo, se esta os pode prestar a un custo efectivo inferior.

3. En relación cos tributos locais:

a) As ordenanzas fiscais que resulten de aplicación deberán cumprir os seguintes requisitos:

1.º Non poderán suprimir ningún dos tributos que viñese exixindo a entidade local durante o exercicio inmediato anterior.

2.º Só poderán aprobar medidas que determinen un incremento do importe global das cotas de cada tributo local, sen prexuízo do establecido no ordinal 5.º desta letra.

3.º Só poderán recoñecer os beneficios fiscais establecidos con carácter obrigatorio polas leis estatais, e os que estivesen vixentes en 2014 dos previstos nos artigos 9.1, relativo á domiciliación de débedas, anticipación de pagamentos ou colaboración na recadación, 62.3, 62.4, 74.1, 74.2 bis, 74.4, 88.2.d), 95.6.c), 103.2.d) e 103.2.e) do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

4.º Non poderán aplicar os tipos de gravame reducidos a que se refire o punto 5 do artigo 72 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

5.º Deberán aprobarse, para cada ano en que resulten de aplicación estas medidas, tipos de gravame no imposto sobre bens inmobles que garantan, ao menos, o mantemento do importe global da cota íntegra do exercicio anterior.

6.º Deberán establecer e exixir os impostos a que se refire o artigo 59.2 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

7.º Deberán aprobar nas correspondentes ordenanzas fiscais un tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles, para os bens inmobles urbanos, que sexa superior, como mínimo, nun 25 por 100, ao determinado de conformidade co artigo 72 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Non obstante, o tipo aplicable non poderá ser superior en ningún caso ao máximo previsto no dito artigo nin inferior ao 0,6 por 100.

8.º Deberán establecer para o imposto sobre vehículos de tracción mecánica o coeficiente máximo permitido polo artigo 95.4 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

b) No exercicio orzamentario en que soliciten a adhesión ao mecanismo deberán solicitar á Dirección Xeral do Catastro a súa inclusión con carácter prioritario na regularización catastral prevista na disposición adicional terceira do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario. Para tal efecto, deberán acompañar a solicitude de canta información dispoñan sobre os bens inmobles ou as alteracións das súas características non incorporadas ao Catastro inmobiliario.

c) Aplicaráselles de oficio os coeficientes previstos no punto 2 do artigo 32 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, cando se trate de municipios que fosen obxecto dun procedemento de valoración colectiva de carácter xeral para os bens inmobles urbanos como consecuencia dun cadro de valores total aprobado con anterioridade ao ano 2003.

4. No caso de que non se aproben os orzamentos, consideraranse prorrogados os do exercicio inmediato anterior consonte o disposto no artigo 169.6 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, debendo incluírse os efectos das medidas previstas neste artigo.

Así mesmo, deberán incluír na memoria que se xunte aos seus orzamentos unha xustificación expresa de ter elaborado e aprobado os seus orzamentos:

a) Cunha estimación de ingresos de carácter ordinario consistentes coa recadación e a realización de dereitos nos dous exercicios anteriores

b) Cunha estimación de ingresos de carácter extraordinario que estean suficientemente fundadas, sen que se poida facer valer para estes efectos a mera expectativa de obtención de recursos.

Os municipios que se adhiran ao compartimento Fondo de Ordenación deberán someter a informe previo e vinculante do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a aprobación dos orzamentos municipais ou a prórroga dos do exercicio anterior, segundo proceda.

5. Excepcionalmente, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas poderá valorar e ponderar as medidas que puidesen adoptar as corporacións locais en relación cos gastos de funcionamento e co financiamento dos servizos públicos sempre que se compense con outras medidas.

Artigo 46. *Condicións fiscais das entidades locais incluídas no artigo 39.1.b).*

1. As entidades locais que se encontren no ámbito subxectivo definido no artigo 39.1.b) deberán presentar un plan de axuste que inclúa as medidas que adoptarán para garantir o cumprimento futuro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, débeda pública, período medio de pagamento a provedores, así como un plan de tesouraría e detalle das operacións de débeda viva, de acordo co previsto na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro.

O mencionado plan de axuste debidamente aprobado polo pleno e co informe do interventor local será comunicado ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, que poderá requirir as modificacións do plan de axuste que considere necesarias.

2. A formalización de todas as operacións de crédito a longo prazo requirirán autorización do órgano competente da Administración pública que teña atribuída a tutela financeira da entidade local que, de ser o caso, se outorgará tendo en conta os criterios previstos na normativa reguladora das facendas locais e nas leis de orzamentos xerais do Estado.

Artigo 47. *Condicións fiscais das entidades locais incluídas no artigo 39.2.*

1. Ás entidades locais incluídas no artigo 39.2 resultaranlles de aplicación as condicións fiscais contidas no artigo 45, salvo as recollidas no artigo 45.3 nos numerais 7.º e 8.º da súa letra a) e nas súas letras b) e c), ata que a entidade local cumpra co prazo máximo de pagamento a provedores previsto na normativa de morosidade durante tres meses consecutivos.

2. Ás entidades locais incluídas no artigo 39.2 resultaranlles de aplicación a totalidade das condicións fiscais contidas no artigo 45 cando concorran todos os requisitos seguintes:

- a) Que, tendo estado adheridas ao Fondo de Ordenación, deixasen de o estar.
- b) Que volvan estar adheridas por presentar de forma persistente, durante dous meses consecutivos, un período medio de pagamento a provedores que supere en máis de 30 días o prazo máximo de pagamento establecido na normativa de morosidade.

### *Sección 3.ª Actuacións de seguimento e control*

Artigo 48. *Seguimento dos plans de axuste.*

1. O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas realizará o seguimento dos plans de axuste.

2. O órgano de control interno da entidade local velará pola adecuada aplicación do plan de axuste e, para estes efectos, realizará cantas actuacións sexan necesarias e, de ser o caso, deixará constancia da súa non adopción ou incumprimento nos correspondentes informes de seguimento, que enviará ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Estes informes serán tidos en conta polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para o seguimento dos plans de axuste.

3. No caso de que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas detecte riscos de incumprimento ou incumprimento das medidas do plan de axuste propondrá a súa modificación coa adopción de novas medidas ou a alteración do calendario da súa execución, e poderá solicitar á Intervención Xeral da Administración do Estado que acorde as actuacións necesarias para levar a cabo unha misión de control.

En todo caso, o cumprimento das medidas propostas condicionará a concesión dos sucesivos tramos de préstamo.

Se o risco detectado for de posible incumprimento do pagamento dos vencementos de operacións de préstamo a longo prazo, procederase conforme o previsto na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril.

**Artigo 49. Actuacións de control.**

1. Cando a Intervención Xeral da Administración do Estado envíe unha misión de control, esta terá como obxectivo concretar o diagnóstico da situación financeira da entidade local no marco dos compromisos adquiridos no plan de axuste, aplicando as técnicas e metodoloxías de control que se consideren oportunas.

2. O órgano interventor da entidade local prestará toda a axuda e colaboración que sexa necesaria á misión da Intervención Xeral da Administración do Estado, que terá acceso á totalidade da documentación da entidade local para o bo desempeño das súas funcións.

3. No prazo máximo dun mes desde que se inicie a misión de control, a Intervención Xeral da Administración do Estado emitirá un informe sobre a adecuación financeira das previsións recollidas no plan de axuste en vigor e os seus incumprimentos ou riscos de incumprimento.

4. Este informe será remitido ao ministro de Facenda e Administracións Públicas para os efectos de aplicar o disposto nos artigos 25 e 26 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril.

## CAPÍTULO II

### Compartimento Fondo de Impulso Económico

**Artigo 50. Ámbito subxectivo.**

Poderán adherirse ao compartimento de Fondo de Impulso Económico aquelas entidades locais que, no momento de presentar a correspondente solicitude de adhesión, cumpran todos os requisitos seguintes:

- a) Que cumprisen os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública.
- b) Que o seu período medio de pagamento a provedores non supere en máis de trinta días o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade durante os dous últimos meses previos á solicitude.
- c) Que estean ao día das súas obrigacións de subministración de información económico-financeira.

Para estes efectos terase en conta a última información publicada na central de información económico-financeira das administracións públicas relativa á liquidación do orzamento, os datos relativos ao endebedamento e ao período medio de pagamento a provedores.

**Artigo 51. Adhesión ao compartimento Fondo de Impulso Económico.**

1. A adhesión ao compartimento Fondo de Impulso Económico exixirá a aceptación previa polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas da solicitude formulada pola entidade local, e nela deberase indicar a necesidade ou necesidades financeiras que solicitan cubrir e o importe total solicitado.

2. A solicitude irá acompañada:

- a) Da relación dos proxectos de investimentos financiados con préstamos a longo prazo a que se refire este capítulo, incorporando a proxección dos efectos orzamentarios e económicos que poderían derivar do investimento no horizonte da súa vida útil.

b) Do informe do interventor que se elevase ao pleno da corporación local acerca da consistencia e soporte das proxeccións orzamentarias.

c) Da copia de ter subscrito o acto de adhesión á plataforma Emprende en tres e do acto de adhesión ao Punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración xeral do Estado.

3. No mes de xullo de cada ano, as entidades locais que queiran cubrir todas ou parte das necesidades de financiamento previstas neste capítulo para o ano seguinte deberán presentar a súa solicitude ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, que será aceptada se a entidade local reúne os requisitos previstos no artigo 50. A aceptación, nas súas contías, quedará suxeita á repartición aprobada pola Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

As solicitudes presentadas fóra do prazo indicado no parágrafo anterior só serán aceptadas en función das dispoñibilidades orzamentarias e da situación financeira da entidade local.

4. Antes do 31 de decembro de cada ano, a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos aprobará a distribución de recursos entre as entidades locais adheridas destinados a cubrir total ou parcialmente as necesidades de financiamento para o ano seguinte incluídas na solicitude de adhesión.

#### Artigo 52. *Ámbito obxectivo.*

A través do compartimento de Fondo de Impulso Económico, as entidades locais incluídas no artigo 50 poderán solicitar, para o exercicio orzamentario en que realizan a solicitude:

a) A cobertura dos vencementos do principal, e os seus xuros asociados, dos préstamos a longo prazo que formalizasen ou formalicen, de acordo con criterios de prudencia financeira determinados por resolución da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, para financiar investimentos financeiramente sustentables, de acordo coa definición prevista na disposición adicional décimo sexta do texto refundido da Lei de facendas locais. O gasto de investimento que se realice deberá ser imputable ao capítulo 6 do estado de gastos do orzamento xeral da corporación local.

b) O financiamento de proxectos de investimento que se consideren relevantes ou financeiramente sustentables nos termos que acorde a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

#### Artigo 53. *Xestión do crédito concedido.*

1. A entidade local adherida a este compartimento subscribirá a correspondente operación de crédito co Estado.

2. O Estado, en nome e por conta da entidade local, xestionará, con cargo ao crédito concedido, o pagamento dos vencementos dos préstamos a longo prazo, a través do Instituto de Crédito Oficial, como axente de pagamentos do Fondo de Financiamento a Entidades Locais.

3. O financiamento asociado aos proxectos de investimento previstos na letra b) do artigo anterior achegarase nos termos que acorde a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

#### Artigo 54. *Obrigacións de subministración de información.*

As entidades locais adheridas a este compartimento, a través do seu órgano interventor, enviarán ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas:

a) Información trimestral sobre o grao de cumprimento das proxeccións dos efectos orzamentarios e económicos derivados dos investimentos no horizonte da súa vida útil que se prevían na solicitude de adhesión.



b) A información relativa aos proxectos de investimento previstos na letra b) do artigo 52 nos termos que acorde a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

#### TÍTULO IV

##### **Creación e funcionamento do Rexistro electrónico de convenios entre comunidades autónomas e entidades locais**

*Artigo 55. Rexistro electrónico de convenios entre comunidades autónomas e entidades locais.*

1. Créase o Rexistro electrónico de convenios subscritos entre comunidades autónomas e entidades locais que impliquen obrigacións financeiras ou compromisos de pagamento a cargo das comunidades autónomas, de acordo co artigo 57 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, que se configura como un rexistro público administrativo dependente da Secretaría de Estado de Administracións Públicas.

2. O rexistro organizarase, ao menos, en dúas seccións: a sección convenios en materia de gasto social e a sección doutros convenios.

3. O interventor local achegará o texto do convenio e solicitará a inscrición no rexistro electrónico da subscrición, prórroga e extinción, dos convenios no prazo de quince días desde que ocorra o feito inscritable.

A falta de inscrición do convenio no dito rexistro será causa de resolución do convenio e as obrigacións pendentes de pagamento derivadas do citado convenio non se poderán satisfacer de acordo co procedemento de retención de recursos previsto na sección 3.<sup>a</sup> do capítulo III do título II.

4. Esta remisión de información efectuarase por medios electrónicos a través do sistema e do modelo que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas habilite para o efecto, e mediante sinatura electrónica avanzada baseada nun certificado recoñecido, de acordo coa Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica.

*Artigo 56. Contido mínimo do Rexistro electrónico de convenios entre comunidades autónomas e entidades locais.*

O Rexistro electrónico de convenios entre comunidades autónomas e entidades locais conterá obrigatoriamente, ao menos, a seguinte información:

- a) Identificación das administracións públicas e entidades subscritoras.
- b) Título, obxecto do convenio con especificación de se se trata dun convenio en materia de gasto social, e a referencia á política de gasto da clasificación orzamentaria por programas de conformidade co previsto no artigo 30.
- c) Data de subscrición do convenio, data de entrada en vigor, data de fin de vixencia e de extinción, así como, se é de duración indefinida, se está prevista a súa prórroga tácita ou se realiza unha prórroga expresa.
- d) Importe total dos pagamentos estimados e periodicidade deses pagamentos.
- e) Especificación da inclusión da cláusula de garantía de retención de recursos do sistema de financiamento prevista no artigo 57 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril.

*Disposición adicional primeira. Comunidade Autónoma do País Vasco e Comunidade Foral de Navarra.*

1. Este real decreto lei aplicarase á Comunidade Autónoma do País Vasco e á Comunidade Foral de Navarra de conformidade co establecido nas disposicións adicionais primeira e segunda da Lei 27/2013, do 27 de decembro.

2. A adhesión aos compartimentos do Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas e aos do Fondo de Financiamento a Entidades Locais da Comunidade Autónoma do País Vasco e da Comunidade Foral de Navarra requirirá, con carácter

previo, a subscrición dun convenio co Estado no marco da Comisión Mixta do Concerto e da Comisión Coordinadora, respectivamente, que afecte recursos en garantía da operación de crédito que se formalice.

3. As referencias contidas neste real decreto lei á retención ou dedución dos recursos do sistema de financiamento, dentro da regulación dos procedementos de retención previstos no capítulo III do título II, deben entenderse referidas á retención ou dedución dos pagamentos derivados da aplicación na Comunidade Autónoma do País Vasco e na Comunidade Foral de Navarra dos réximes forais do concerto económico e do convenio económico, respectivamente.

*Disposición adicional segunda. Inscripción dos convenios vixentes no Rexistro electrónico de convenios entre comunidades autónomas e entidades locais.*

O interventor da entidade local, no prazo de seis meses contado desde a entrada en vigor deste real decreto lei, solicitará a inscrición dos convenios en materia de gasto social, no Rexistro electrónico de convenios entre comunidades autónomas e entidades locais, que se encontren vixentes no momento da entrada en vigor deste real decreto lei. A súa falta de inscrición terá as consecuencias previstas no artigo 55.3.

A inscrición do resto dos convenios solicitarase no prazo de nove meses contado desde a entrada en vigor deste real decreto lei.

*Disposición adicional terceira. Primeira aplicación do procedemento de retención regulado na sección 3.ª do capítulo III do título II deste real decreto lei.*

O procedemento de retención dos importes que se deben satisfacer polos recursos dos réximes de financiamento das comunidades autónomas como consecuencia da cláusula de garantía prevista nos convenios en materia de gasto social e nas normas autonómicas de delegación de competencias na dita materia, regulado neste real decreto lei, aplicarase por primeira vez en febreiro de 2016, de acordo co procedemento previsto no artigo 37, salvo que na orde do ministro de Facenda e Administracións Públicas, conforme o regulado no dito artigo, se estableza outro momento distinto.

*Disposición adicional cuarta. Procedemento de retención dos recursos do sistema de financiamento para facer efectiva a cláusula de garantía prevista nos convenios e normas autonómicas en materia distinta de gasto social.*

Mentres non se aprobe a orde do ministro de Facenda e Administracións Públicas a que se refire o punto 3 do artigo 57 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, a regulación recollida na sección 3.ª do capítulo III do título II deste real decreto lei será de aplicación a todos os procedementos de retención que teñan por obxecto facer efectiva a cláusula de garantía contida nos convenios e normas autonómicas de delegación de competencias, prevista no citado artigo 57 bis.

*Disposición adicional quinta. Recursos do Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas e do Fondo de Financiamento a Entidades Locais para 2015.*

1. A achega patrimonial desde o orzamento do Estado ao Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas fíxase para o ano 2015 en 38.869 millóns de euros.

2. A achega patrimonial desde o orzamento do Estado ao Fondo de Financiamento a Entidades Locais fíxase para o ano 2015 en 1.000 millóns de euros.

3. A dotación das achegas patrimoniais a que se refiren os puntos anteriores financiarase, ata un importe de 21.000 millóns de euros, con cargo á achega patrimonial que con destino ao Fondo de Liquidez Autonómico figure dotada no orzamento do Estado para 2015, para cuxos efectos se realizarán as transferencias de crédito que procedan de conformidade co establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro.

4. Apróbanse os orzamentos de explotación e capital para o ano 2015 do Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas e do Fondo de Financiamento a Entidades

Locais, nos termos que se recollen no anexo que se xunta, e quedan decaídos os orzamentos de explotación e capital para o ano 2015 do Fondo de Liquidez Autonómico e do Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores 2.

Disposición adicional sexta. *Prazos de solicitude de acceso aos mecanismos para o ano 2015.*

1. A solicitude de adhesión para o ano 2015 a calquera dos compartimentos do Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas, así como ao compartimento de Fondo de Impulso Económico do Fondo de Financiamento a Entidades Locais deberá ser presentada antes do 20 de xaneiro de 2015.

2. Unicamente para o ano 2015, as comunidades autónomas que non estivesen xa adheridas ao Fondo de Liquidez Autonómico en 31 de decembro de 2014 poderán solicitar a súa adhesión ao compartimento Facilitade Financeira do Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas, antes do 20 de xaneiro de 2015, sen necesidade de cumprir co resto de requisitos previstos no artigo 15.

Durante 2015, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas poderá requirir a súa adhesión ao Fondo de Liquidez Autonómico, en caso de incumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública de acordo co informe do artigo 17, nos seus puntos 3 e 4, da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, ou en caso de que o seu período medio de pagamento a provedores, de acordo cos datos publicados na central de información económico-financiera das administracións públicas, supere en máis de trinta días o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade durante dous meses consecutivos contando desde a actualización do seu plan de tesouraría, de acordo co previsto no artigo 18.4 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril.

Se no prazo recollido no citado requirimento non se adherise, quedará automaticamente adherida ao compartimento Fondo de Liquidez Autonómico.

Disposición adicional sétima. *Modificación das condicións financeiras das operacións de crédito subscritas con cargo ao Fondo de Liquidez Autonómico e con cargo ao Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores 2.*

As operacións de crédito que as comunidades autónomas e as entidades locais, en 31 de decembro de 2014, formalizasen con cargo ao Fondo de Financiamento para o Pagamento a Provedores 2 e con cargo ao Fondo de Liquidez Autonómico axustaranse ás seguintes condicións financeiras a partir do 1 de xaneiro de 2015:

- a) O tipo de xuro queda fixado para 2015 no 0% anual ata o vencemento do primeiro período de xuro de 2016. A base de cálculo dos xuros será actual/actual.
- b) Durante 2015 as comunidades autónomas e as entidades locais non aboarán vencementos de principal de operacións formalizadas en exercicios anteriores con cargo ao Fondo de Financiamento a Provedores 2.
- c) O prazo das operacións de endebedamento afectadas polo previsto na letra b) ampliarase un ano.

Disposición adicional oitava. *Condicións financeiras das operacións de crédito para 2015 con cargo ao Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas e ao Fondo de Financiamento a Entidades Locais.*

1. As operacións de crédito que formalicen en 2015 as comunidades autónomas con cargo ao compartimento Fondo de Liquidez Autonómico do Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas e as entidades locais con cargo a calquera dos compartimentos do Fondo de Financiamento a Entidades Locais axustaranse ás seguintes condicións financeiras:

- a) O tipo de xuro queda fixado no 0 % anual ata o vencemento do primeiro período de xuro de 2016. A base de cálculo dos xuros será actual/actual.

b) As datas de pagamento de principal coincidirán coas datas de pagamento de xuros.

2. As operacións de crédito que formalicen en 2015 as comunidades autónomas con cargo ao compartimento Facidade Financeira do Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas axustaranse ás seguintes condicións financeiras:

a) O tipo de xuro queda fixado no 0 % anual ata o vencemento do primeiro período de xuro de 2018. A base de cálculo dos xuros será actual/actual.

b) As datas de pagamento de principal coincidirán coas datas de pagamento de xuros.

3. O Goberno promoverá, dentro das dispoñibilidades orzamentarias, a concesión de incentivos ás comunidades autónomas que non estivesen adheridas ao Fondo de Liquez Autonómico e que se adhiran ao compartimento Facidade Financeira, e que cumpran cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda, co fin de que os menores recursos consecuencia da devolución en 2015 das cantidades aprazadas polas liquidacións negativas do sistema de financiamento das comunidades autónomas réxime común de 2008 e 2009 non supoñan unha menor capacidade de investimento destas comunidades.

Disposición adicional novena. *Destino do superávit das entidades locais correspondente a 2014.*

En relación co destino do superávit orzamentario das entidades locais correspondente ao ano 2014, prorrógase para 2015 a aplicación das regras contidas na disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, para o que se deberá ter en conta a disposición adicional décimo sexta do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Disposición adicional décima. *Réxime especial de reintegros dos saldos debedores resultantes a cargo das entidades locais na liquidación definitiva da participación en tributos do Estado do ano 2013.*

1. O reintegro dos saldos que resulten a cargo das entidades locais na liquidación definitiva da participación en tributos do Estado correspondente ao ano 2013 poderá fraccionarse nun período de 10 anos, exceptuando o réxime de reintegros aplicable con carácter xeral e contido na Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2015.

2. A aplicación da excepción recollida no punto 1 anterior requirirá a presentación da solicitude polas entidades locais, que deberá ser aprobada polo pleno da corporación local e que remitirá o interventor ou o secretario-interventor ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas por medios telemáticos e con sinatura electrónica con anterioridade ao 1 de novembro de 2015.

No caso de que as entidades locais non presenten a solicitude no prazo antes citado aplicaráselles os reintegros de acordo co réxime xeral establecido na Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2015, regularizando con cargo á entrega á conta do mes de novembro os reintegros que se deberían ter aplicado na entrega correspondente ao mes de outubro.

3. Esta excepción aplicarase ás entidades locais que, ademais de ter presentado a liquidación dos orzamentos da totalidade de entidades integrantes da corporación local correspondentes ao exercicio inmediato anterior a aquel en que se calcule aquela, prevexan cumprir en 31 de decembro de 2015 co obxectivo de estabilidade orzamentaria e co límite de débeda pública establecido nos artigos 51 e 53 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 marzo, e cuxo período medio de pagamento non supere en máis de 30 días o prazo máximo establecido na normativa de medidas de loita contra a morosidade nas operacións

comerciais, de acordo co período medio de pagamento a provedores que publiquen no mes de outubro de 2015, conforme o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pagamento a provedores das administracións públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento previstos na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Para os efectos anteriores, consideraranse entidades integrantes da corporación local aquelas a que se refire o artigo 2.1 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

En canto á previsión do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e do límite de débeda antes citada, terase en conta a información correspondente ao terceiro trimestre de execución do orzamento do exercicio de 2015.

4. A aplicación efectiva da excepción citada no punto 1 anterior iníciase na entrega á conta da participación en tributos do Estado do mes de xaneiro do ano 2016, sendo a partir de entón os reintegros mensuais aplicables os que resulten de dividir o importe pendente de reintegrar o día primeiro daquel mes entre 120 mensualidades.

5. A excepción establecida no punto 1 anterior manterase sempre que as entidades locais afectadas presenten a liquidación dos orzamentos da totalidade de entidades integrantes da corporación local e se cumpran os obxectivos e límites citados no punto 3 e referidos en todos os casos ao 31 de decembro do exercicio inmediato anterior. No caso de que o incumprimento se produza en dous exercicios consecutivos aplicarase, a partir da entrega á conta do mes de xaneiro do exercicio seguinte, o fraccionamento de acordo co réxime xeral que establezan as leis de orzamentos xerais do Estado de cada ano.

No caso de que se produzan os incumprimentos antes citados e transcorresen máis de tres anos completos desde o cálculo da liquidación definitiva correspondente, deberase reintegrar o importe pendente por doceavas partes nas entregas mensuais á conta do seguinte ano natural.

6. No caso de que, como consecuencia das liquidacións definitivas da participación en tributos do Estado correspondentes a exercicios posteriores a 2013, resulten saldos para ingresar ás entidades locais ás cales se aplique o réxime especial definido nesta norma, aqueles saldos compensarán o importe que quede pendente de reintegrar polas entidades locais citadas no momento de calcular tales liquidacións definitivas.

Se, como resultado desa compensación, o saldo pendente de reintegrar correspondente á liquidación do ano 2013 for inferior á décima parte do saldo que se fraccionaría de acordo co punto 1 anterior, aquel cancelárase mediante reintegros aplicados ás entregas á conta dos doce meses seguintes.

7. Se o importe pendente de reintegro en 31 de decembro de cada ano fose igual ou inferior a 500 euros, reintegrárase pola súa totalidade na entrega á conta do mes de xaneiro.

8. Non se poderán acoller ao réxime especial regulado nesta norma os municipios incluídos no artigo 39.1 deste real decreto lei.

Disposición adicional décimo primeira. *Imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos.*

A Administración xeral do Estado farase cargo do custo das devolucións de ingresos do imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos correspondentes ao territorio común, que fosen aboadas ou sexan aboadas en execución da Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, asunto C-82/12, do 27 de febreiro de 2014.

Disposición adicional décimo segunda. *Liberación da banda de frecuencias 790 MHz a 862 MHz.*

O proceso de liberación da banda de frecuencias do 790 MHz a 862 MHz (banda de frecuencias do dividendo dixital) desenvolverase conforme o establecido no presente real

decreto lei e no Real decreto 805/2014, do 19 de setembro, polo que se aproba o Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre e se regulan determinados aspectos para a liberación do dividendo dixital.

Disposición adicional décimo terceira. *Compensación aos titulares de concesións de uso privativo do dominio público radioeléctrico na banda de 790 MHz a 862 MHz.*

O equilibrio económico-financieiro das concesións de uso privativo do dominio público radioeléctrico na banda de 790 MHz a 862 MHz que foron adxudicadas mediante a Orde ITC/2508/2011, do 15 de setembro, pola que se resolve a poxa económica pública para o outorgamento de concesións de uso privativo do dominio público radioeléctrico, e que resultou alterado como consecuencia do disposto no presente real decreto lei, mantense a través da extensión do período de vixencia das ditas concesións.

Para estes efectos, cada día transcorrido desde o 1 de xaneiro de 2015 ata a data sinalada no punto segundo da disposición adicional décimo cuarta, en que a banda do dividendo dixital estea á disposición dos operadores titulares das concesións a que se refire o parágrafo anterior, compensarase mediante a extensión de 1,27 días do período de vixencia das concesións, axustando o número total de días por exceso por cantidades enteras.

Mediante orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo modificarase a data de finalización do período de vixencia das concesións de uso privativo do dominio público radioeléctrico na banda de 790 MHz a 862 MHz que foron adxudicadas mediante a Orde ITC/2508/2011, do 15 de setembro, unha vez determinado o número total de días a que se debe estender o dito período conforme o sinalado no parágrafo anterior.

Disposición adicional décimo cuarta. *Cesamento de emisións do servizo de comunicación audiovisual televisiva na banda de frecuencias do dividendo dixital.*

1. O cesamento de emisións nas canles radioeléctricas da banda de frecuencias 790 MHz a 862 MHz explotadas polos prestadores do servizo de comunicación audiovisual televisiva a que se refire o punto 7 do artigo 8 do Real decreto 805/2014, do 19 de setembro, en ningún caso poderá producirse con posterioridade ao 31 de marzo de 2015 para ningún múltiple dixital ou canle radioeléctrica e en ningunha das áreas xeográficas ou demarcacións de televisión local, sen prexuízo de que se poida anticipar a data de cesamento de utilización de determinadas canles radioeléctricas nos termos indicados no punto 6 do artigo 8 do citado Real decreto 805/2014, do 19 de setembro.

2. Mediante resolución do secretario de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información establecerase a data en que a banda de 790 MHz a 862 MHz estará á disposición dos titulares das concesións de uso privativo do dominio público radioeléctrico que foron adxudicadas mediante a Orde ITC/2508/2011, do 15 de setembro, unha vez que se produza o cesamento de emisións previsto no parágrafo anterior. Esta banda de frecuencias estará, en todo caso, á disposición dos citados operadores a partir do día 1 de abril de 2015.

3. Así mesmo, o secretario de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información poderá autorizar o inicio de emisións na banda de 790 MHz a 862 MHz polos titulares das citadas concesións naquelas zonas en que se anticipase a data de cesamento de utilización de canles radioeléctricas polo servizo de comunicación audiovisual televisiva.

Disposición adicional décimo quinta. *Obxectivos e prazos de cobertura.*

Mantéñense os obxectivos e prazos de cobertura de poboación que para as distintas canles radioeléctricas e múltiples dixitais veñen establecidos no Real decreto 805/2014, do 19 de setembro, polo que se aproba o Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre e se regulan determinados aspectos para a liberación do dividendo dixital.

Disposición adicional décimo sexta. *Simplificación dos procesos de resintonización.*

Co obxecto de facilitar e simplificar os procesos de resintonización dos aparellos receptores por parte dos cidadáns, ata o día 31 de maio de 2015 os prestadores do servizo de comunicación audiovisual televisiva de cobertura estatal ou autonómica non poderán realizar modificacións na composición dos múltiples dixitais nos termos sinalados na disposición transitoria cuarta de Real decreto 805/2014, do 19 de setembro.

Disposición adicional décimo sétima. *Prórroga da redución das cotizacións empresariais por contingencias comúns á Seguridade Social por contratación indefinida.*

Prorrógase durante tres meses a redución das cotizacións empresariais por contingencias comúns á Seguridade Social por contratación indefinida prevista no Real decreto lei 3/2014, do 28 de febreiro, de medidas urxentes para o fomento do emprego e a contratación indefinida, respecto dos contratos celebrados entre o 1 de xaneiro de 2015 e o 31 de marzo de 2015.

Disposición adicional décimo oitava. *Liquidacións dos recursos do sistema de financiamento de comunidades autónomas.*

As comunidades autónomas destinarán en cada exercicio o importe das liquidacións positivas dos recursos do sistema de financiamento que se practiquen no ano 2016 ou seguintes, de ser o caso, a amortizar a parte do saldo vivo do préstamo obtido con cargo ao compartimento Fondo de Liquidez Autonómico ou do Compartimento Facilitade Financeira, do Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas, que se destinase a satisfacer as liquidacións negativas do ano 2013 ou seguintes de tal comunidade autónoma.

Disposición derogatoria única. *Disposición derogatoria.*

No momento da entrada en vigor deste real decreto lei quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nel e, en particular, o punto 2 do artigo 8 e a disposición adicional única da Lei 29/2005, do 29 decembro, de publicidade e comunicación institucional, así como o artigo 51 da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable.

Con efectos do 1 de xaneiro de 2015 quedan derogados:

- a) O Real decreto lei 21/2012, do 13 de xullo, de medidas de liquidez das administracións públicas e no ámbito financeiro.
- b) A Lei 13/2014, do 14 de xullo, de transformación do Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores.
- c) A disposición adicional cuadraxésimo oitava da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2015.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.*

Modifícase o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, que queda redactado como segue:

Un. Engádesse un novo artigo 48 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 48 bis. *Principio de prudencia financeira.*

1. Todas as operacións financeiras que subscriban as corporacións locais están suxeitas ao principio de prudencia financeira.

Enténdese por prudencia financeira o conxunto de condicións que deben cumprir as operacións financeiras para minimizar o seu risco e custo.

2. Consideranse financeiras todas aquelas operacións que teñan por obxecto os instrumentos seguintes:

a) Activos financeiros. Están incluídos neste concepto os instrumentos de capital ou de patrimonio neto doutras entidades, os dereitos a recibir efectivo ou outro activo financeiro dun terceiro ou de intercambiar cun terceiro activos ou pasivos financeiros en condicións potencialmente favorables.

b) Pasivos financeiros. Están incluídos neste concepto débedas representadas en valores, operacións de crédito, operacións de derivados e calquera outra obrigación exixible e incondicional de entregar efectivo ou outro activo financeiro a un terceiro ou de intercambiar cun terceiro activos ou pasivos financeiros en condicións desfavorables.

c) A concesión de avais, reavais ou outra clase de garantías públicas ou medidas de apoio extraorxamentario.

3. As condicións que deben cumprir as operacións financeiras previstas na letra b) do punto anterior estableceranse mediante resolución da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, e as das letras a) e c) anteriores, mediante resolución da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local.

4. As corporacións locais velarán pola aplicación do principio de prudencia financeira no conxunto do seu sector público.

5. Precisarás de autorización do órgano competente da Administración pública que teña atribuída a tutela financeira das entidades locais a formalización das operacións a que se refire a letra c) do punto 2 deste artigo, cando non se axusten ás condicións do principio de prudencia financeira.»

Dous. Modifícase o artigo 168, que queda redactado como segue:

«Artigo 168. *Procedemento de elaboración e aprobación inicial.*

1. O orzamento da entidade local será formado polo seu presidente e a el deberase unir a seguinte documentación:

a) Memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presente en relación co vixente.

b) Liquidación do orzamento do exercicio anterior e avance da do corrente, referida, ao menos, a seis meses do exercicio corrente.

c) Anexo de persoal da entidade local.

d) Anexo dos investimentos que se realizarán no exercicio.

e) Anexo de beneficios fiscais en tributos locais con información detallada dos beneficios fiscais e a súa incidencia nos ingresos de cada entidade local.

f) Anexo con información relativa aos convenios subscritos coas comunidades autónomas en materia de gasto social, con especificación da contía das obrigacións de pagamento e dos dereitos económicos que se deben recoñecer no exercicio a que se refire o orzamento xeral e das obrigacións pendentes de pagamento e dereitos económicos pendentes de cobramento, recoñecidos en exercicios anteriores, así como da aplicación ou partida orzamentaria en que se recollen, e a referencia a que tales convenios inclúen a cláusula de retención de recursos do sistema de financiamento a que se refire o artigo 57 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

g) Un informe económico-financieiro, en que se expoñan as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigacións exixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.



2. O orzamento de cada un dos organismos autónomos integrantes do xeral, proposto inicialmente polo órgano competente daqueles, será remitido á entidade local de que dependan antes do 15 de setembro de cada ano, xunto coa documentación detallada no punto anterior.

3. As sociedades mercantís, incluso aquelas en cuxo capital sexa maioritaria a participación da entidade local, remitirán a esta, antes do día 15 de setembro de cada ano, as súas previsións de gastos e ingresos, así como os programas anuais de actuación, investimentos e financiamento para o exercicio seguinte.

4. Sobre a base dos orzamentos e estados de previsión a que se refiren os puntos anteriores, o presidente da entidade formará o orzamento xeral e remitirao, co informe da Intervención e cos anexos e documentación complementaria detallados no punto 1 do artigo 166 e no presente artigo, ao pleno da corporación antes do día 15 de outubro para a súa aprobación, emenda ou devolución.

5. O acordo de aprobación, que será único, deberá detallar os orzamentos que integran o orzamento xeral, e non se poderá aprobar ningún deles separadamente.»

Disposición derradeira segunda. *Réxime aplicable aos traballos de colaboración social no ámbito das administracións públicas.*

Os perceptores de prestacións por desemprego que iniciasen a realización de traballos de colaboración social nas administracións públicas con anterioridade ao 27 de decembro de 2013, en virtude do previsto no punto 3 do artigo 213 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, e que continúen desenvolvendo esa actividade no momento da entrada en vigor do presente real decreto lei, poderán seguir desenvolvendo tal colaboración ata a finalización da percepción das súas prestacións, con suxeición ao dito réxime legal, calquera que sexa a actividade que desenvolvan para a Administración correspondente.

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias.*

O punto 2 da disposición transitoria sétima da Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias, queda redactado nos seguintes termos:

«2. As recadacións derivadas de liquidacións do imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos e as devolucións de ingresos realizadas do dito imposto con posterioridade á súa derogación corresponderán ás comunidades autónomas nos termos previstos con anterioridade a tal derogación. Para facer efectivo o anterior, o Estado poderá realizar os descontos necesarios en calquera dos pagamentos derivados da aplicación do sistema de financiamento.

Non obstante o anterior, corresponderán ao Estado as devolucións de ingresos do imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos correspondentes ao territorio común, que deriven da execución da Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, asunto C-82/12, do 27 de febreiro de 2014, con independencia do momento en que tivese lugar a devolución.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea.*

Engádesse un novo punto ao artigo 75 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea, coa seguinte redacción:

«9. Non obstante o establecido no punto 6 do presente artigo, naqueles aeroportos cuxo horario operativo inclúa a apertura na totalidade do período comprendido entre as cero e as seis hora local, aos voos que operen fóra do horario operativo aplicaráselles as contías recollidas nos puntos 3 e 4 do presente artigo.»

Disposición derradeira quinta. *Modificación do Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da seguridade social.*

O artigo 227 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 227. *Reintegro de pagamentos indebidos.*

1. Corresponde á entidade xestora competente declarar e exixir a devolución das prestacións indebidamente percibidas polos traballadores e o reintegro das prestacións de cuxo pagamento sexa directamente responsable o empresario.

Transcorrido o respectivo prazo fixado para o reintegro das prestacións indebidamente percibidas ou de responsabilidade empresarial sen se ter efectuado, corresponderá á Tesouraría Xeral da Seguridade Social proceder á súa recadación en vía executiva de conformidade coas normas reguladoras da xestión recadatoria da Seguridade Social, devindicándose a recarga e o xuro de demora nos termos e condicións establecidos nesta lei.

2. Para tal efecto, a entidade xestora poderá concertar os servizos que considere convenientes coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou con calquera das administracións públicas.»

Disposición derradeira sexta. *Títulos competenciais.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.11.<sup>a</sup>, 149.1.14.<sup>a</sup>, 149.1.17.<sup>a</sup>, 149.1.18.<sup>a</sup> e 149.1.21.<sup>a</sup> da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre bases da ordenación do crédito, banca e seguros, facenda xeral e débeda do Estado, lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social, bases do réxime xurídico das administracións públicas e telecomunicacións, respectivamente.

Disposición derradeira sétima. *Habilitación normativa.*

1. Autorízanse o Goberno e os ministros de Facenda e Administracións Públicas e de Industria, Enerxía e Turismo para que, no ámbito das súas respectivas competencias, diten as disposicións e adopten as medidas necesarias para a aplicación e o desenvolvemento do previsto neste real decreto lei.

2. Mediante orde do ministro de Facenda e Administracións Públicas poderanse crear ou suprimir compartimentos no activo do Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas e no activo do Fondo de Financiamento a Entidades Locais.

3. Mediante orde do ministro de Facenda e Administracións Públicas poderase modificar o previsto no artigo 37 sobre procedemento de retención de acordo co previsto no artigo 57 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Disposición derradeira oitava. *Modificación mediante disposicións regulamentarias.*

As determinacións incluídas nas disposicións adicionais décimo cuarta a décimo sexta do presente real decreto lei poderán ser modificadas mediante real decreto acordado en Consello de Ministros.

Disposición derradeira novena. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» salvo o establecido na disposición adicional quinta, que entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2015.

Dado en Madrid o 26 de decembro de 2014.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,  
MARIANO RAJOY BREY

<b>FONDO DE FINANCIAMENTO A COMUNIDADES AUTÓNOMAS</b>	
<b>ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN CONTA DO RESULTADO ECONÓMICO-PATRIMONIAL</b>	<b>(millóns de euros)</b>
<b>1. Transferencias e subvencións recibidas</b>	
a) Do exercicio	
b) Imputación de subvencións para activos correntes e outros	
<b>2. Outros ingresos de xestión ordinaria</b>	
<b>3. Excesos de provisións</b>	
<b>A) TOTAL INGRESOS DE XESTIÓN ORDINARIA (1 + 2 +3)</b>	
<b>4. Transferencias e subvencións concedidas</b>	
<b>5. Outros gastos de xestión ordinaria</b>	-14
a) Subministracións e servizos exteriores	-14
b) Outros	
<b>B) TOTAL DE GASTOS DE XESTIÓN ORDINARIA (4 +5)</b>	-14
<b>I. Resultado (aforro ou desaforro) da xestión ordinaria (A+B)</b>	-14
<b>6. Outras partidas non ordinarias</b>	
a) Ingresos	
b) Gastos	
<b>II. Resultado das operacións non financeiras (I+6)</b>	-14
<b>7. Ingresos financeiros</b>	
a) De participacións en instrumentos de patrimonio	
a.1) En entidades do grupo, multigrupo e asociadas	
a.2) Noutras entidades	
b) De valores negociables e de créditos do activo inmovilizado	
b.1) En entidades do grupo, multigrupo e asociadas	
b.2) Outros	
<b>8. Gastos financeiros</b>	
a) Por débedas con entidades do grupo, multigrupo e asociadas	
b) Outros	
<b>9. Variación do valor razoable en activos e pasivos financeiros</b>	
a) Derivados financeiros	
b) Outros activos e pasivos a valor razoable con imputación en resultados	
c) Imputación ao resultado do exercicio por activos financeiros dispoñibles para a venda	
<b>10. Diferenzas de cambio</b>	
<b>11. Deterioración de valor, baixas e alleamentos de activos e pasivos financeiros</b>	
a) De entidades do grupo, multigrupo e asociadas	
b) Outros	
<b>III. Resultado das operacións financeiras (7 + 8 + 9 + 10 +11)</b>	
<b>IV. Resultado (aforro ou desaforro) neto do exercicio (II+III)</b>	<b>-14</b>

<b>ORZAMENTO DE CAPITAL ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO</b>		<b>(millóns de euros)</b>
<b>I. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE XESTIÓN</b>		
<b>A) Cobramentos: (+)</b>		<b>764</b>
1. Transferencias e subvencións recibidas		
2. Xuros e dividendos cobrados		<b>764</b>
3. Outros cobramentos		
<b>B) Pagamentos: (-)</b>		<b>-18</b>
4. Transferencias e subvencións concedidas		
5. Outros gastos de xestión		<b>-18</b>
6. Xuros pagados		
7. Outros pagamentos		
<b>Fluxos netos de efectivo por actividades de xestión (A+B)</b>		<b>745</b>
<b>II. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVESTIMENTO</b>		
<b>C) Cobramentos: (+)</b>		<b>4.324</b>
Venda de activos financeiros		<b>4.324</b>
<b>D) Pagamentos: (-)</b>		<b>38.869</b>
Compra de activos financeiros		<b>38.869</b>
<b>Fluxos netos de efectivo por actividades de investimento (C+D)</b>		<b>34.545</b>
<b>III. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIAMENTO</b>		
<b>E) Aumentos no patrimonio: (+)</b>		<b>38.869</b>
1. Achegas da entidade en que se integra o Fondo		<b>38.869</b>
<b>F) Pagamentos á entidade en que se integra o Fondo: (-)</b>		<b>-5.955</b>
2. Devolución de achegas e repartición de resultados á entidade en que se integra o Fondo		<b>-5.955</b>
<b>G) Cobramentos por emisión de pasivos financeiros: (+)</b>		
3. Préstamos recibidos		
4. Outras débedas		
<b>H) Pagamentos por reembolso de pasivos financeiros: (-)</b>		
5. Préstamos recibidos		
6. Outras débedas		
<b>Fluxos netos de efectivo por actividades de financiamento (E+F+G+H)</b>		<b>32.914</b>

<b>ORZAMENTO DE CAPITAL ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO</b>		<b>(millóns de euros)</b>
<b>IV. FLUXOS DE EFECTIVO PENDENTES DE CLASIFICACIÓN</b>		
I) Cobramentos pendentes de aplicación (+)		
J) Pagamentos pendentes de aplicación (-)		
Fluxos netos de efectivo pendentes de clasificación (I+J)		
<b>V. EFECTO DAS VARIACIÓNS DOS TIPOS DE CAMBIO (+/-)</b>		
<b>VI. INCREMENTO/DIMINUCIÓN NETA DO EFECTIVO E ACTIVOS LÍQUIDOS EQUIVALENTES AO EFECTIVO (I+II+III+IV+V)</b>		<b>-887</b>
Efectivo e activos líquidos equivalentes ao efectivo ao inicio do exercicio		3.695
Efectivo e activos líquidos equivalentes ao efectivo ao final do exercicio		2.809

BALANCE	Orzamento 2015 (millóns de euros)
<b>ACTIVO</b>	
<b>ACTIVO NON CORRENTE</b>	<b>122.407</b>
<b>INVESTIMENTOS A LONGO PRAZO EN ENTIDADES GRUPO, MULTIGRUPO E ASOCIADAS</b>	
<b>INVESTIMENTOS FINANCEIROS A LONGO PRAZO</b>	122.407
<b>ACTIVO CORRENTE</b>	<b>5.916</b>
<b>DEBEDORES E OUTRAS CONTAS POR COBRAR</b>	
<b>INVESTIMENTOS A CURTO PRAZO EN ENTIDADES GRUPO, MULTIGRUPO E ASOCIADAS</b>	
<b>INVESTIMENTOS FINANCEIROS A CURTO PRAZO</b>	3.107
<b>AXUSTES POR PERIODIZACIÓN</b>	
<b>EFFECTIVO E OUTROS ACTIVOS LÍQUIDOS EQUIVALENTES</b>	2.809
<b>TOTAL ACTIVO = PATRIMONIO NETO E PASIVO</b>	<b>128.323</b>
<b>PATRIMONIO NETO E PASIVO</b>	
<b>PATRIMONIO NETO</b>	<b>127.629</b>
<b>PATRIMONIO ACHEGADO</b>	<b>127.484</b>
<b>PATRIMONIO XERADO</b>	<b>145</b>
Resultados de exercicios anteriores	2395
Resultado do exercicio	-14
Distribución de resultados	-2.236
<b>AXUSTES POR CAMBIO DE VALOR</b>	
<b>OUTROS INCREMENTOS PATRIMONIAIS PENDENTES DE IMPUTACIÓN A RESULTADOS</b>	
<b>PASIVO NON CORRENTE</b>	<b>694</b>
<b>DÉBEDAS A LONGO PRAZO</b>	
<b>DÉBEDAS CON ENTIDADES DO GRUPO, MULTIGRUPO E ASOCIADAS A CURTO PRAZO</b>	
<b>ACREDORES E OUTRAS CONTAS POR PAGAR</b>	694
<b>AXUSTES POR PERIODIZACIÓN</b>	
<b>TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO = ACTIVO</b>	<b>128.323</b>

<b>ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO 2015</b>	
<b>FONDO DE FINANCIAMENTO A ENTIDADES LOCAIS</b>	
<b>ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN CONTA DO RESULTADO ECONÓMICO-PATRIMONIAL</b>	<b>(millóns de euros)</b>
<b>1. Transferencias e subvencións recibidas</b>	
<b>2. Outros ingresos de xestión ordinaria</b>	
<b>3. Excesos de provisións</b>	
<b>A) TOTAL INGRESOS DE XESTIÓN ORDINARIA (1 + 2 +3)</b>	
<b>4. Transferencias e subvencións concedidas</b>	
<b>5. Outros gastos de xestión ordinaria</b>	-5
a) Subministracións e servizos exteriores	-5
b) Outros	
<b>B) TOTAL DE GASTOS DE XESTIÓN ORDINARIA (4 +5)</b>	-5
<b>I. Resultado (aforro ou desaforro) da xestión ordinaria (A+B)</b>	-5
<b>6. Outras partidas non ordinarias</b>	
a) Ingresos	
b) Gastos	
<b>II. Resultado das operacións non financeiras (I+6)</b>	-5
<b>7. Ingresos financeiros</b>	
a) De participacións en instrumentos de patrimonio	
a.1) En entidades do grupo, multigrupo e asociadas	
a.2) Noutras entidades	
b) De valores negociables e de créditos do activo inmovilizado	
b.1) En entidades do grupo, multigrupo e asociadas	
b.2) Outros	
<b>8. Gastos financeiros</b>	
a) Por débedas con entidades do grupo, multigrupo e asociadas	
b) Outros	
<b>9. Variación do valor razoable en activos e pasivos financeiros</b>	
a) Derivados financeiros	
b) Outros activos e pasivos a valor razoable con imputación en resultados	
c) Imputación ao resultado do exercicio por activos financeiros dispoñibles para a venda	
<b>10. Diferenzas de cambio</b>	
<b>11. Deterioración de valor, baixas e alleamentos de activos e pasivos financeiros</b>	
a) De entidades do grupo, multigrupo e asociadas	
b) Outros	
<b>III. Resultado das operacións financeiras (7 + 8 + 9 + 10 +11)</b>	
<b>IV. Resultado (aforro ou desaforro) neto do exercicio (II+III)</b>	-5



<b>FONDO DE FINANCIAMENTO A ENTIDADES LOCAIS</b>		
<b>ORZAMENTO DE CAPITAL ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO</b>		<b>(millóns de euros)</b>
<b>I.</b>	<b>FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE XESTIÓN</b>	
<b>A)</b>	<b>Cobramentos: (+)</b>	<b>89</b>
	1. Transferencias e subvencións recibidas	
	2. Xuros e dividendos cobrados	<b>89</b>
	3. Outros cobramentos	
<b>B)</b>	<b>Pagamentos: (-)</b>	<b>-10</b>
	4. Transferencias e subvencións concedidas	
	5. Outros gastos de xestión	<b>-10</b>
	6. Xuros pagados	
	7. Outros pagamentos	
	<b>Fluxos netos de efectivo por actividades de xestión (A+B)</b>	<b>80</b>
<b>II.</b>	<b>FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVESTIMENTO</b>	
<b>C)</b>	<b>Cobramentos: (+)</b>	<b>1.126</b>
	Venda de activos financeiros	<b>1.126</b>
<b>D)</b>	<b>Pagamentos: (-)</b>	<b>-1.000</b>
	Compra de activos financeiros	<b>1.000</b>
	<b>Fluxos netos de efectivo por actividades de investimento (C+D)</b>	<b>126</b>
<b>III.</b>	<b>FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIAMENTO</b>	
<b>E)</b>	<b>Aumentos no patrimonio: (+)</b>	<b>1.000</b>
	1. Achegas da entidade en que se integra o Fondo	<b>1.000</b>
<b>F)</b>	<b>Pagamentos á entidade en que se integra o Fondo: (-)</b>	<b>-1.697</b>
	2. Devolución de achegas e repartición de resultados á entidade en que se integra o Fondo	<b>-1.697</b>
<b>G)</b>	<b>Cobramentos por emisión de pasivos financeiros: (+)</b>	
	3. Préstamos recibidos	
	4. Outras débedas	
<b>H)</b>	<b>Pagamentos por reembolso de pasivos financeiros: (-)</b>	
	5. Préstamos recibidos	
	6. Outras débedas	
	<b>Fluxos netos de efectivo por actividades de financiamento (E+F+G+H)</b>	<b>-697</b>
<b>IV.</b>	<b>FLUXOS DE EFECTIVO PENDENTES DE CLASIFICACIÓN</b>	

<b>FONDO DE FINANCIAMENTO A ENTIDADES LOCAIS</b>	
<b>ORZAMENTO DE CAPITAL ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO</b>	<b>(millóns de euros)</b>
I) Cobramentos pendentes de aplicación (+)	
J) Pagamentos pendentes de aplicación (-)	
Fluxos netos de efectivo pendentes de clasificación (I+J)	
V. EFECTO DAS VARIACIÓNS DOS TIPOS DE CAMBIO (+/-)	
VI. INCREMENTO/DIMINUCIÓN NETA DO EFECTIVO E ACTIVOS LÍQUIDOS EQUIVALENTES AO EFECTIVO (I+II+III+IV+V)	1.903
Efectivo e activos líquidos equivalentes ao efectivo ao inicio do exercicio	846
Efectivo e activos líquidos equivalentes ao efectivo ao final do exercicio	355

FONDO DE FINANCIAMENTO A ENTIDADES LOCAIS		
BALANCE		Orzamento 2015 (millóns de euros)
<b>ACTIVO</b>		
A)	<b>ACTIVO NON CORRENTE</b>	<b>8.519</b>
I.	<b>INVESTIMENTOS A LONGO PRAZO EN ENTIDADES GRUPO, MULTIGRUPO E ASOCIADAS</b>	
II.	<b>INVESTIMENTOS FINANCEIROS A LONGO PRAZO</b>	8.519
B)	<b>ACTIVO CORRENTE</b>	<b>1.690</b>
	<b>DEBEDORES E OUTRAS CONTAS POR COBRAR</b>	
	<b>INVESTIMENTOS A CURTO PRAZO EN ENTIDADES GRUPO, MULTIGRUPO E ASOCIADAS</b>	
	<b>INVESTIMENTOS FINANCEIROS A CURTO PRAZO</b>	1.335
	<b>AXUSTES POR PERIODIZACIÓN</b>	
	<b>EFFECTIVO E OUTROS ACTIVOS LÍQUIDOS EQUIVALENTES</b>	355
I.	<b>TOTAL ACTIVO= PATRIMONIO NETO E PASIVO</b>	<b>10.209</b>
	<b>PATRIMONIO NETO E PASIVO</b>	
	<b>PATRIMONIO NETO</b>	<b>10.176</b>
	<b>PATRIMONIO ACHEGADO</b>	<b>10.182</b>
	<b>PATRIMONIO XERADO</b>	-5
	<b>Resultados de exercicios anteriores</b>	
	<b>Resultado do exercicio</b>	-5
	<b>Distribución de resultados</b>	
	<b>AXUSTES POR CAMBIO DE VALOR</b>	
	<b>OUTROS INCREMENTOS PATRIMONIAIS PENDENTES DE IMPUTACIÓN A RESULTADOS</b>	
	<b>PASIVO CORRENTE</b>	<b>33</b>
	<b>PROVISIÓNS A LONGO PRAZO</b>	
	<b>DÉBEDAS A LONGO PRAZO</b>	
	<b>DÉBEDAS CON ENTIDADES DO GRUPO, MULTIGRUPO E ASOCIADAS A CURTO PRAZO</b>	
	<b>ACREDORES E OUTRAS CONTAS POR PAGAR</b>	
	<b>AXUSTES POR PERIODIZACIÓN</b>	
	<b>TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO= ACTIVO</b>	<b>10.209</b>